

**Programación didáctica do
Departamento de Lingua
Castelá e Literatura**

CPI Plurilingüe de Vedra

Ano escolar 2022-2023

- [1. Introducción e contextualización. Membros do Departamento. Incorporación de melloras](#)
- [2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais en 2º e 4º de ESO:](#)
- [3. Relación entre as competencias clave e os estándares de aprendizaxe.](#)
 - [EN 2º ESO](#)
 - [EN 4º ESO](#)
- [4. Obxectivos por curso](#)
 - [4.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA](#)
 - [4.2. OBXECTIVOS DA MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA POR CURSOS](#)
 - [4.2.1. OBXECTIVOS EN 2º DE ESO](#)
 - [4.2.2. OBXECTIVOS EN 4º DE ESO](#)
- [5. Contidos e a súa secuencia](#)
 - [5.1.1. CONTIDOS XERAIS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO](#)
 - [5.1.2. SECUENCIA DE CONTIDOS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO](#)
 - [5.2.1. CONTIDOS XERAIS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO](#)
 - [5.2.2. SECUENCIA DE CONTIDOS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO](#)
- [6. Concreción da temporalización, do grao mínimo de consecución para superar a materia e dos procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliados.](#)
 - [Lingua castelá e literatura. 2º ESO](#)
 - [Lingua castelá e literatura. 4º ESO](#)
- [7. Concrecións metodolóxicas](#)
- [8. Materiais e recursos didácticos](#)
- [9. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado](#)
- [10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente](#)
- [11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes](#)
- [12. Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor](#)
- [13. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar como consecuencia dos seus resultados](#)
- [14. Medidas de atención a diversidade](#)
- [15. Concreción dos elementos transversais](#)
- [16. Actividades complementarias e extraescolares](#)
- [17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora](#)
- [18. Accións de contribución ao Proxecto Lector](#)
- [19. Accións de contribución ao plan TIC](#)
- [20. Accións de contribución ao plan de Convivencia](#)
- [21. Outras materias adscritas ao Departamento](#)
 - [21.1 Economía \(4º ESO\)](#)

[21.2. IGUALDADE DE XÉNERO, 2º ESO](#)

[21.3. VALORES ÉTICOS, 4º ESO](#)

[22. Verificación do currículo \(verificación de idoneidade\)](#)

1. Introducción e contextualización. Membros do Departamento. Incorporación de melloras propostas na memoria final do curso precedente

Esta programación elabórase de acordo co establecido no artigo 9 da ORDE do 22 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e nos artigos 15 e 19 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias (DOG 26-01-99).

Do mesmo xeito, esta programación sitúase ao abeiro das seguintes leis e ordes: *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)-Texto consolidado, Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, Real Decreto 665/2015, de 17 de xullo, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria, Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O contexto no que se insire o proceso de ensino-aprendizaxe é o do CPI de Vedra, un centro escolar que imparte ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Ao CPI de Vedra acoden maioritariamente rapaces e rapazas procedentes do concello homónimo, así como da parroquia de Lestedo do veciño concello de Boqueixón. Trátase, por tanto, de alumnado rural, aínda que próximo ao núcleo urbano de Santiago de Compostela. O nivel sociocultural de procedencia das e dos estudantes é cada ano máis variado, se ben nos últimos anos destacáronse dificultades económicas nalgunhas familias, que derivan en dificultades de acceso a medios de difusión cultural e educativa, e problemática coa conexión a internet.

Desde a perspectiva da nosa área de Lingua e Literatura Castelá, temos que destacar a predominancia do galego nos usos lingüísticos do alumnado, polo que a aprendizaxe da

Lingua Castelá debe ser entendida como a dun idioma de contacto, segunda lingua da meirande parte do alumnado de ESO

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura do CPI de Vedra (constituído polos docentes Rafael López Mella, Juan Manuel do Río Surribas e Marcos Taracido Trunk), imparte este curso académico, ademais da materia de Lingua Castelá e Literatura, a materia de Libre Configuración en 1º ESO Investigación e Tratamento da Información; a materia de Libre Configuración en 2º ESO Igualdade de Xénero; e a optativa de 4º ESO Economía.

A respecto das **propostas de mellora da Programación** non se contemplou ningunha en relación cos cursos 2º e 4º, únicos cursos que son obxecto deste documento. As programacións de 1º e 3º realizaranse na aplicación corporativa PROENS.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais en 2º e 4º de ESO:

Ante o novo escenario educativo que imos vivir neste curso, **buscaremos** máis que nunca **converter** os **seguintes estándares de aprendizaxe no piar do día a día** na aula e serán considerados obxectivos mínimos do noso labor durante este curso.

i. Comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística desenvólvese de maneira explícita no propio ámbito curricular da materia de Lingua castelá e Literatura, e posto que se explicitan os **estándares de aprendizaxe avaliados** en 2º e 4º de ESO, agora só se presentan aqueles que favorecen a súa transversalidade:

- Comprende o sentido dos textos escritos e orais, así como as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Exprésase oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respecta as normas de comunicación en calquera contexto: turno de palabra, escoita atenta ó interlocutor...
- Manexa elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Produce textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás e académicas.

ii. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Desde a área de Lingua Castelá e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un exercitación do razoamento lóxico, e a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outra banda, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do home coa realidade, o mundo científico e o entorno medioambiental.

Entre os **estándares de aprendizaxe avaliados** en relación con esta competencia, salientamos os seguintes:

- Toma conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplica métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplica estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Exprésase con propiedade na linguaxe matemática.

iii. Competencia dixital

A área de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír ao exercitación da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo xeito de comunicación que haberá que desenvolver de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é esencial para o desenvolvemento da competencia dixital dos alumnos.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes **estándares de aprendizaxe avaliáveis**:

- Emprega distintas fontes para a busca de información.
- Selecciona o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elabora información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprende as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utiliza as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexa ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplica criterios éticos no uso das tecnoloxías.

iv. Aprender a aprender

Esta competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumnado se recoñeza a si mesmo como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Castelá e Literatura préstase especialmente a elo, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse de forma prioritaria os seguintes **estándares de aprendizaxe avaliáveis**:

- Identifica potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestiona os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xera estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplica estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolve estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Segue os pasos establecidos e toma decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Toma conciencia dos procesos de aprendizaxe.

v. Competencias sociais e cívicas

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para consensuar, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación pódese traballar en Lingua Castelá e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso teranse en conta os seguintes **estándares de aprendizaxe avaliábeis**:

- Coñece as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito refrendado por unha constitución.
- Desenvolve capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Amona dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñece riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprende a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

vi. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O desenvolvemento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, o alumnado debe recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os **estándares de aprendizaxe avaliábeis** que serán priorizados son:

- Optimiza os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asume as responsabilidades encomendadas e dá conta delas.
- É constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirime a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestiona o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xera novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimiza o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Amona iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

vii. Conciencia e expresións culturais

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a nosa área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario.. fan da área de Lingua Castelá e Literatura unha canle perfecta para desenvolver a competencia.

Traballaranse os **seguintes estándares de aprendizaxe avaliábeis**:

- Amona respecto cara ó patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valora a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresa sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreza a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotiá.

- Elabora traballos e presentacións con sentido estético.

3. Relación entre as competencias clave e os estándares de aprendizaxe.

Como consecuencia das circunstancias derivadas do proceso vivido a final do curso pasado en todos os niveis educativos, no presente curso apostarase por unha revisión dos obxectivos e competencias clave na que se priorizarán aqueles obxectivos relacionados coas competencias clave e, xa que logo, darase maior importancia a aqueles contidos que contribúen dun modo máis decisivo a eses obxectivos básicos.

Para visibilizar cales **estándares** van ser considerados **primordiales**, farase un resalte en **letra negra** nos seguinte **cadro**:

3.1. EN 2º ESO

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.	CCL
2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CCL
3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.	CCL
4. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa , identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.	CCL CAA
5. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CCL
6. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	CAA
7. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara , recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	CCL CAA
8. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	CCL CSC
9. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación , a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	CSIEE
10. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos , da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	CD
11. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación , e propón solucións para melloralas.	CAA
12. Realiza presentacións orais.	CCL
13. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CSC
14. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	CCL
15. Pronuncia con corrección e claridade , modulando e adaptando a súa	CCL

mensaxe á finalidade da práctica oral.	
16. Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios.	CSC
17. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.	CSC CCL

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.	CCL
2. Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico.	CCL
3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto , e pon a en relación co contexto.	CCEC
4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias , comprendendo as relacións que se establecen entre elas.	CCL
5. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.	CMCCT
6. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto , e deduce informacións ou valoracións implícitas.	CCL
7. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.	CMCCT
8. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	CD
9. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	CD
10. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	CSIEE
11. Escribe textos usando o rexistro adecuado , organizando as ideas con claridade , enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	CCL
12. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.	CCL
13. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	CCEC
14. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	CMCCT CD

Bloque 3: Coñecemento da lingua

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	CCL

2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos , aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	CCL
3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	CCL
4. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito.	CCL
5. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra , e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	CCL
6. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	CCEC
7. Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan o significado global das palabras: tabú e eufemismo .	CCEC
8. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna , gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.	CCL
9. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais.	CCL
10. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL
11. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia .	CSC
12. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras .	CAA

Bloque 4. Educación literaria

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses .	CCL
2. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	CCEC
3. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	CAA
4. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as .	CCL CSC
5. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal .	CCL
6. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	CCL CCEC
7. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos .	CAA

3.2. EN 4º ESO

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
1. Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	CCL
2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	CCL
3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CCL
4. Distingue as partes en que se estruturan as mensaxes orais e a relación entre discurso e contexto.	CCL
5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.	CSC
6. Segue e interpreta instrucións orais.	CCL
7. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	CCL
8. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	CCL
9. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CAA
10. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.	CCL
11. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	CD
12. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	CAA
13. Escoita, observa e interpreta o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante , así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os espontáneos.	CSC
14. Recoñece e explica as características da linguaxe conversacional (cooperación, espontaneidade, economía e subxectividade) nas conversas espontáneas.	CCL
15. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate, coloquio ou conversa espontánea tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	CCL
16. Identifica o propósito, a tese e os argumentos das persoas participantes en debates, faladoiros e entrevistas procedentes dos medios de comunicación audiovisual, valorando de forma crítica aspectos concretos da súa forma e o seu contido.	CCL

17. Recoñece e asume as regras de interacción , intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral .	CSC
18. Coñece o proceso de produción de discursos orais e valora a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	CCL
19. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume, etc.) a ollada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	CCL
20. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	CAA
21. Utiliza e valora a lingua como un medio para adquirir, procesar e transmitir novos coñecementos, para expresar ideas e sentimentos, e para regular a conduta.	CCL
22. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.	CD
23. Realiza intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CCL
24. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	CCL
25. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	CCL
26. Resume oralmente exposicións, argumentacións, intervencións públicas, etc., recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	CCL
27. Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral , recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores etc.).	CCL
28. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	CCL
29. Analiza criticamente debates e faladoiros procedentes dos medios de comunicación , recoñecendo neles a validez dos argumentos e valorando criticamente a súa forma e o seu contido.	CCL
30. Participa activamente nos debates escolares, respectando as regras de intervención, interacción e cortesía que os regulan, utilizando unha linguaxe non discriminatoria.	CSC
31. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	CCEC

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
1. Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construíndo o significado global do texto.	CCL
2. Localiza, relaciona e secuencia as informacións explícitas dos textos.	CCL

3. Infíre a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas.	CMCCT
4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha comprensión plena e detallada deste.	CCL
5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.	CAA
6. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.	CCL
7. Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado.	CCL
8. Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión (noticias, reportaxes, editoriais, artigos e columnas, cartas á dirección, comentarios e crítica).	CSC
9. Comprende e explica os elementos verbais e os non verbais, e a intención comunicativa dun texto publicitario procedente dos medios de comunicación.	CCL
10. Localiza informacións explícitas nun texto e relaciónaas entre si e co contexto, secuencias e deduce informacións ou valoracións implícitas.	CCL
11. Interpreta o sentido de palabras, expresións, frases ou pequenos fragmentos extraídos dun texto en función do seu sentido global.	CCL
12. Interpreta, explica e deduce a información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficas, fotografías, etc.	CAA CMCCT
13. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	CCL
14. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	CCL CAA
15. Respecta as opinións das demais persoas.	CSC
16. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información , integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	CCL
17. Coñece e <i>manexa</i> habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital , dicionarios de dúbida e irregularidades da lingua, etc.	CCL CD
18. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	CCL CAA
19. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.)	CCL
20. Redacta borradores de escritura.	CCL CAA
21. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	CCL
22. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas, estrutura, etc.) ou coa forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación).	CCL CAA
23. Avalía , utilizando guías, a súa propia produción escrita e a dos/das seus/súas compañeiros/as.	CAA
24. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita.	CCL

25. Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.	CCL
26. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.	CCL
27. Utiliza variados organizadores textuais nos seus escritos.	CCL
28. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.	CAA
29. Realiza esquemas e mapas conceptuais que estruturen o contido dos textos traballados.	CAA
30. Explica por escrito o significado dos elementos visuais que poidan aparecer nos textos (gráficas, imaxes, etc.).	CCL
31. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.	CCL
32. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico , e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.	CCL
33. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.	CCEC
34. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación , participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.	CD

Bloque 3: Coñecemento da lingua

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	CCL
2. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	CCL
3. Recoñece os procedementos para a formación de palabras novas e explica o valor significativo dos prefixos e dos sufixos.	CCL
4. Forma substantivos, adxectivos, verbos e adverbios a partir doutras categorías gramaticais, utilizando diversos procedementos lingüísticos.	CCL
5. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízalos para deducir o significado de palabras descoñecidas.	CAA
6. Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	CCL
7. Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación ao contexto en que aparecen.	CCL
8. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital , resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.	CD
9. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.	CCL
10. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.	CMCCT

11. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.	CCL
12. Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.	CCL
13. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais , recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.	CCL
14. Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas , e utilízalas nas propias producións orais e escritas	CCL
15. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).	CSC CCL
16. Describe os trazos lingüísticos máis sobresaíntes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.	CCL
17. Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízalos nas producións propias.	CCL
18. Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.	CCL
19. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.	CCL
20. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.	CCL
21. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao nos seus discursos orais e escritos.	CSC
22. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
23. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	CAA

Bloque 4. Educación literaria

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.	CCL
2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.	CCEC
3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.	CSIEE

4. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	CCL
5. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade.	CCEC
6. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico , observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.	CSC
7. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	CCL
8. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.	CSC CSIEE
9. Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	CCL
10. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.	CCEC
11. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.	CCL
12. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.	CAA
13. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.	CCL
14. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	CAA
15. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.	CCL CD
16. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias , expresándose con rigor, claridade e coherencia.	CCL CSIEE
17. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	CD

4. Obxectivos por curso

4.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
- Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
- Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
- Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas

- situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
 - Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
 - Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
 - Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
 - Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
 - Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
 - Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
 - Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

4.2. OBXETIVOS DA MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA POR CURSOS

4.2.1. OBXECTIVOS EN 2º DE ESO

- Comprender os textos orais, interpretalos e valorar a súa expresión en ámbitos diversos.
- Comunicarse de forma oral en contornas diversas e valorar a importancia da conversación.
- Emitir mensaxes orais claros, adecuados ao contexto, coherentes e cohesionados, e utilizando a linguaxe oral e os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe.
- Ler de forma comprensiva e con capacidade crítica textos diversos.
- Extraer información de diversas fontes da comunicación escrita, impresa ou dixital, utilizándoa para aprender de forma activa.
- Producir textos escritos coherentes e cohesionados, valorando a importancia da escritura.
- Profundar nos aspectos gramaticales e estruturais das palabras, comprendendo o seu significado, diferenciando os seus usos subxectivos e obxectivos, e recoñecendo a importancia das súas relacións de igualdade e contrariedade.
- Manexar o dicionario para a resolución de dúbidas e para enriquecer o propio vocabulario.
- Utilizar os grupos ou sintagmas nominais, adxectivais, verbais, preposicionales e adverbiais dentro do marco da oración simple.
- Analizar os elementos constitutivos da oración simple.
- Identificar a intención comunicativa do discurso, coa interpretación e a análise dos elementos lingüísticos que o compoñen.
- Recoñecer a riqueza cultural que supón a variedade lingüística de España.

- Ler obras da literatura española e universal como fonte de pracer e enriquecemento persoal e adquirir un hábito lector.
- Reflexionar sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.
- Comprender textos literarios de distintos xéneros e épocas.
- Escribir textos propios con intención literaria.

4.2.2. OBXECTIVOS EN 4º DE ESO

- Comprender textos orais, interpretándoos e valorando a súa expresión dentro de ámbitos diversos.
- Comunicarse oralmente en contornas diversas valorando a importancia da conversación.
- Comunicarse de forma clara, adecuando o discurso ao contexto, con coherencia e cohesión utilizando a linguaxe oral e os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe.
- Ler comprensivamente e con capacidade crítica diversos textos.
- Extraer información de diferentes fontes de comunicación escrita, en papel ou dixital, e utilizala para aprender de forma activa.
- Producir textos con cohesión e coherencia, valorando a importancia da escritura.
- Utilizar as distintas categorías gramaticales e formas verbais con intención comunicativa e expresiva en distintos contextos lingüísticos.
- Coñecer a creación de palabras novas engadindo sufijos e prefixos provenientes doutras linguas.
- Distinguir o significado das palabras dependendo do contexto onde se utilizan.
- Recoñecer e analizar a estrutura das oracións compostas.
- Utilizar os recursos lingüísticos dispoñibles para afrontar problemas de comprensión e expresión oral e escrita.
- Analizar a estrutura dos distintos tipos de textos, interiorizala e empregala nas producciones propias.
- Utilizar o lingua con intención comunicativa, interpretando o discurso e analizando os elementos lingüísticos que o compoñen.
- Ler obras da literatura española e universal, manifestando gusto pola lectura e desenvolvendo o hábito lector.
- Reflexionar sobre as relacións entre a literatura e o resto das artes.
- Comprender textos literarios representativos da literatura do século XVIII aos nosos días.
- Escribir textos persoais de intención literaria.
- Usar a creatividade na redacción de textos de carácter literario.

5. Contidos e a súa secuencia

En negriña, sinalaremos neste apartado e no seguinte aquelas aprendizaxes que consideraremos básicas e imprescindibles por medio dun resalte en letra negriña. Aquelas aprendizaxes que non estean resaltadas quedarán, xa que logo, relegadas a un segundo plano e só se contempla a posibilidade do seu desenvolvemento ao longo do curso se se dispón de tempo para traballalas na aula presencialmente. Isto último queda, naturalmente, supeditado a que o escenario sanitario non afecte ao alumnado e que se poidan desenvolver a maior parte das sesións de docencia de xeito presencial.

5.1.1 CONTIDOS XERAIS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.
<ul style="list-style-type: none">➤ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.➤ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e textos argumentativos. Diálogo.➤ B1.3. Escoita activa e cumprimento das normas básicas que favorecen a comunicación.➤ B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.➤ B1.5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.➤ B1.6. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.➤ B1.7. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.
<ul style="list-style-type: none">➤ B2.1. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos.➤ B2.2. Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.➤ B2.3. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.➤ B2.4. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.➤ B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.➤ B2.6. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, e escritura de textos dialogados.
Bloque 3. Coñecemento da lingua.
<ul style="list-style-type: none">➤ B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.➤ B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.➤ B3.3. Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.➤ B3.4. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras.➤ B3.5. Observación, reflexión e explicación dos cambios que afectan o significado das palabras: causas e mecanismos. Metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.

<ul style="list-style-type: none"> ➤ B3.6. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. ➤ B3.7. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e a subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos. ➤ B3.8. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. ➤ B3.9. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático. ➤ B3.10. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
Bloque 4. Educación literaria.
Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.	terceira avaliación.	Recoñece os principais elementos sintácticos dunha oración.	Exercicios. Observación do caderno do alumno. Probas de avaliación.
Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.	terceira avaliación.	Comprende as estruturas sintácticas da lingua e constrúe oracións subordinadas.	Exercicios. Observación do caderno do alumno. Probas de avaliación.
Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.	terceira avaliación.	Identifica e explica as estruturas sintácticas de textos da vida cotiá.	Exercicios. Observación do caderno do alumno. Probas de avaliación.
Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.	Todo o curso	Usa adecuadamente as normas ortográficas e gramaticais.	Observación do caderno do alumno.
Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilizaas nas propias producións orais e escritas.	primeira e na segunda avaliación.	Identifica, explica e usa nos seus propios textos a estrutura dos xéneros textuais.	Exercicios. Observación do caderno do alumno. Probas de avaliación.
Coñece os elementos da situación comunicativa que	primeira avaliación.	Coñece os elementos da situación	Exercicios. Observación do

determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).		comunicativa.	caderno do alumno. Probas de avaliación.
Describe os trazos lingüísticos máis sobresaíntes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.	segunda avaliación.	Explica a estrutura de textos expositivos e argumentativos.	Exercicios. Observación do caderno do alumno. Probas de avaliación.
Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízalos nas producións propias.	A traballar principalmente na primeira avaliación.	Identifica a subxectividade nun texto e a quen de utilízala nas producións propias.	Exercicios. Observación do caderno do alumno. Probas de avaliación.
Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.	A traballar principalmente na primeira avaliación.	Identifica e usa a substitución léxica.	Exercicios. Observación do caderno do alumno. Probas de avaliación.
Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.	A traballar principalmente na primeira avaliación.	Identifica, explica e usa os conectores do discurso.	Exercicios. Observación do caderno do alumno. Probas de avaliación.
Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.	terceira avaliación.	Identifica as variedades estilísticas e sociais dos textos.	Exercicios. Observación do caderno do alumno. Probas de avaliación.
Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao nos seus discursos orais e escritos.	terceira avaliación.	Valora o uso adecuado dos rexistros.	Observación do caderno do alumno e das súas intervencións na aula.
Participa en proxectos (elaboración de materiais			

multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Todo o curso	Participa en proxectos cun uso transversal das linguas e adopta unha actitude crítica cara a estereotipos culturais e lingüísticos.	Control da participación do alumno en traballos por escrito, individualmente e/ou en grupo.
Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Todo o curso	Relaciona contidos e destrezas propios da materia de Lingua castelá con outros das diversas linguas que estuda.	Observación da relación que o/a alumno/a establece entre coñecementos lingüísticos pertencentes a distintas linguas.
Bloque 4. Educación literaria.			
Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.	Todo o curso	Le cun grao aceptable de comprensión textos axeitados á súa idade.	Probas escritas de control das lecturas.
Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.	Todo o curso	Resume o contido dunha obra de lectura libre e manifesta a súa opinión ó respecto.	Probas escritas de control das lecturas realizadas. Actividades por escrito sobre o contido das lecturas e a opinión persoal sobre elas.
Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.	Todo o curso	Amosa interese pola lectura como fonte de pracer intelectual.	Control das lecturas realizadas polo alumnado ó longo do curso.
Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión	Todo o curso	Amosa interese por conectar diversas	Control das lecturas realizadas polo

observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).		manifestacións artísticas.	alumnado ó longo do curso. Observación dos comentarios sobre as diversas manifestacións artísticas na aula.
Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade.	Todo o curso	Identifica personaxes-tipo nas obras literarias.	Probas escritas de control das lecturas. Observación dos comentarios sobre as lecturas na aula.
Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.	Todo o curso	Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, valorando e criticando o que le ou ve.	Probas escritas de avaliación. Control do caderno do alumno coas actividades relativas a este estándar de aprendizaxe.
Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	Todo o curso	Fala na clase dos libros que leu.	Rexistro de control das intervencións dos alumnos relativas ás súas lecturas.
Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.	Todo o curso	Participa en traballos de equipo sobre distintos aspectos das obras lidas.	Avaliación da exposición realizada sobre a lectura analizada en equipo.
Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	Todo o curso	Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	Lecturas na aula e exposicións.

Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.	Todo o curso	Amosa interese por transmitir correctamente sentimentos e emocións.	Participación en posibles dramatizacións na aula de pequenos fragmentos literarios.
Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.	Todo o curso	Le e comprende textos literarios escollidos do século XVIII, XIX e XX, identificando o tema tratado e resumindo o seu contido.	Probas escritas de avaliación. Control do caderno do alumno coas actividades relativas a este estándar de aprendizaxe.
Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.	Todo o curso	Relaciona o contido dunha obra co contexto no que foi creada e coa intención do/da autor/a.	Probas escritas de avaliación. Control do caderno do alumno coas actividades relativas a este estándar de aprendizaxe.
Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.	Todo o curso	Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados.	Control do caderno do alumno coas actividades relativas a este estándar de aprendizaxe.
Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	Todo o curso	Amosa interese pola escritura como medio de expresión dos propios sentimentos.	Control do caderno do alumno coas actividades relativas a este estándar de aprendizaxe.
Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.	Todo o curso	Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.	Control do caderno do alumno coas actividades relativas a este estándar de aprendizaxe.

Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.	Todo o curso	Ofrece a súa opinión persoal sobre as obras literarias estudadas a través de traballos escritos con claridade e coherencia.	Avaliación da coherencia e claridade nas manifestacións persoais do alumno sobre as obras literarias estudadas. Control do caderno do alumno coas actividades relativas a este estándar de aprendizaxe.
Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	Todo o curso	Utiliza recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para realizar traballos educativos.	Verificación do uso das tecnoloxías da información e da comunicación por parte dos alumnos nos seus traballos educativos.

7. Concrecións metodolóxicas

Baseándonos nas teorías de aprendizaxe constructivista de Piaget, que expoñen que os novos conceptos cos cales toma contacto un educando se integran nun mapa conceptual previo articulado por unha complexa rede de relacións significativas, defenderemos unha metodoloxía activa-participativa de aprendizaxe por descubrimento que permita aos propios alumnos ser axentes directos do proceso de ensino-aprendizaxe e non, simplemente, meros receptores de contidos. Este carácter consciente da información que se está integrando favorecerá a consecución dunha aprendizaxe significativa e, en consecuencia, valorada nun sentido práctico polos alumnos.

A teoría constructivista baséase no concepto de “constructos mentais”, no sentido de que a nova información aprendida non se engade á anterior senón que se integra nela, reorganizando a complexa rede de relacións establecidas nos mapas conceptuais básicos iniciais. Esta reestruturación supón a revisión e cuestionamiento das propias ideas previas e a posibilidade de encher baleiros e lagoas conceptuais e tamén de desbotar información errónea ata ese intre non cuestionada.

A actuación pedagóxica, en consecuencia, partirá dos coñecementos previos do alumnado para lograr desenvolver nel a suficiente capacidade crítica como para recoñecer os seus déficits informativos e assimilar, desta maneira, a información nova.

Esta é unha das bases da técnica da aprendizaxe por medio do descubrimento guiado, consistente en que o profesor se converta nun informador que mova aos alumnos á reflexión sobre os seus propios conceptos relativos a un tema determinado para incidir,

desta forma, sobre as necesidades que xurdan ao longo do proceso. Este procedemento esixe unha constante participación activa do educando e tamén unha constante revisión do proceso de ensinanza-aprendizaxe por parte do profesor, observando en que medida se integra correctamente a nova información proporcionada. En todo momento se lle formularán ao alumnos dúbidas, problemas e situacións que esixan para a correcta resolución a necesidade de integración da nova información aos seus esquemas conceptuais, deste xeito, lograrase fixar os novos conceptos por medio da pertinencia derivada do recoñecemento da utilidade e eficacia dos mesmos.

Dado o nivel das capacidades cognitivas dos alumnos, empregárase tamén o método hipotético-deductivo, baseado na exposición de contidos e na posterior aplicación dos mesmos mediante series de actividades.

Por outra parte pódese incidir na consecución da valoración por parte do alumnado da relevancia do coñecemento da lingua e a literatura e da súa función comunicativa e estética, instrumental para a adquisición e difusión de información, coñecementos e a capacidade discursiva, dialogal e divulgativa das propias opinións e conclusións.

Por todo isto, consideramos especialmente útil a posta en funcionamento de actividades prácticas motivadoras moi específicas como as que lles propoñeremos aos alumnos ao longo do curso, orientadas fundamentalmente a que se fagan máis conscientes da importancia dos coñecementos e o desenvolvemento das competencias lingüísticas, así como tamén da valoración de todo tipo de manifestacións artísticas, entre elas a literatura, como obxecto inmediato de traballo dentro da nosa disciplina. Por medio desta estratexia preténdese fomentar a motivación cara a adquisición dos contidos que compoñen o desenvolvemento global da Programación do curso.

Para lograr estes fins, utilizaranse materiais diversos, tanto teóricos como prácticos, elaborados polo equipo docente, presentes na rede ou impresos.

Tentarase recurrir a ludificación ou gamificación para potenciar a motivación na aprendizaxe, a través de técnicas, elementos e dinámicas propias dos xogos e o ocio en actividades non recreativas que deriven no cumprimento de estándares de aprendizaxe propios desta programación.

Por último, tal e como se informa no seguinte apartado desta programación, o profesorado deste **departamento** leva varios anos **apostando** polo **emprego** dos **entornos virtuais** de aprendizaxe. Esta aposta véese, naturalmente, reforzada ao abeiro do acontecido no curso pasado e ante as circunstancias especiais que afectan á escolarización na nova normalidade. Ante un posible período que requira do uso da teledocencia, no tocante a metodoloxía, recursos e materiais didácticos, ao traballarmos en aulas virtuais durante o ensino presencial, non contemplamos ningunha medida extraordinaria como a un escenario que requira da continuación do **ensino-aprendizaxe a distancia**. Porén, dada a experiencia vivida o curso pasado, sabemos da necesidade dunha atención máis personalizada na resolución de dúbidas individuais do alumnado. Para iso, botaremos man de todos os mecanismos que este entornos virtuais presentan (chat, foro de dúbidas) ademais de outros mecanismos que xa implementamos no día a día no centro (abalar móbil, correo electrónico).

8. Materiais e recursos didácticos

Para cada curso de cada etapa educativa o **equipo docente** elaborará os seus **propios materiais**. Ademais, contase tamén con abundante material de reforzo e ampliación: manuais de lectura, ortografía, léxico, gramática, comprensión lectora, comentario de textos... Os manuais poderán ser un método auxiliar máis para a preparación das diversas Unidades Didácticas. Ao longo do curso intercalarase tamén outros materiais auxiliares diversos, como artigos xornalísticos, fragmentos de obras, poemas, relatos, anuncios publicitarios, fotografías, etc..

- Empregaranse seleccións de lecturas relacionadas cos diferentes períodos literarios obxecto de estudo.
- Será necesario un caderno/ficheiro, así como bolígrafos de dúas cores diferentes (unha delas para corrixir).
- En cada aula haberá un ou varios dicionarios, así coma unha selección de dicionarios *online* na plataforma virtual de aprendizaxe.
- Os alumnos e alumnas teñen que coñecer o uso da biblioteca (tanto a do centro como aquelas outras que estean á súa disposición) e empregala, non só para as lecturas seleccionadas, senón para a busca de información na elaboración de traballos académicos.
- Empregaranse os medios audiovisuais necesarios para desenvolver o proceso de ensinanza-aprendizaxe: DVD para a visualización de películas ou documentais, pantallas e proxectores dixitais.
- Asemade, a información deben aprender a localizala —como propugna o currículo— nos novos métodos da información e da comunicación: Páxinas web, blog, redes, bases de datos,... Para a elaboración de traballos empregaranse procesadores de textos, etc.
- Outro recurso fundamental será a aula de informática, así como os **ordenadores** e proxectores de aula e nos niveis de 1º e 2º de ESO os portátiles e o cadro dixital do Plan E-Dixgal.
- Cada alumno/a deberá contar cos seus propios cascos para poder escoitar individualmente audios e vídeos que lles facilite o docente.
- Utilizarase activamente tanto a **Aula Virtual EVA E-Dixgal** (2º ESO) como **Google Classroom** (4º).
- Ademais utilizaremos:
 - ◆ dicionarios e enciclopedias. Manuais diversos.
 - ◆ Cadernos de ortografía e caligrafía.
 - ◆ DVDs.
 - ◆ Xornais e revistas (posible inclusión nos programas “Prensa Escuela” e “El país de los Estudiantes”).
 - ◆ Cámaras de foto e vídeo dixitais.
 - ◆ Gravadoras de son.
 - ◆ Diversas ferramentas dixitais, como procesadores de textos e imaxes, *timelines*, paneis de noticias, ferramentas de elaboración de esquemas, etc..

O emprego dun **entorno virtual de aprendizaxe (sexo E-Dixgal, sexa Google Classroom)** como recurso básico no día a día na escola permite que, no caso de haber unha coxuntura que requirise a continuación do proceso de ensino a distancia, non sexa necesario implementar novos recursos para a **aprendizaxe telemática**, pois se continuará con este entorno virtual co que xa está familiarizado todo o alumnado da ESO.

9. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Como proceso continuo e significativo, enténdese a avaliación como observación continua da aprendizaxe, do traballo, do esforzo, da actitude e da consecución de obxectivos do alumnado ao longo de cada trimestre e do curso.

Do mesmo xeito, o proceso avaliativo debe englobar ao profesorado e aos instrumentos de aprendizaxe implicados.

Serán instrumentos de avaliación:

- As probas obxectivas.
- O caderno da alumna ou do alumno.
- Os traballos dixitalizados e a información recollida a través das TIC.
- A ficha de seguimento diario individual.
- Os proxectos realizados e o proceso da súa realización.
- As exposicións e fichas sobre libros de lectura.
- O seguimento das actividades.

Os principios que deben rexer a de avaliación son:

- Resposta a un proceso continuo, progresivo e sistemático. Isto conséguese mediante a avaliación inicial ou diagnóstica, que determina os coñecementos previos do alumno para iniciar o proceso de aprendizaxe de maneira efectiva; a avaliación formativa ou procesual, que permite revisar a acción educativa mediante todo tipo de actividades e a avaliación final ou sumativa ao final dunha Unidade, unha avaliación ou un curso.
- Os datos obtidos neste proceso servirán non só para controlar o rendemento do escolar e tomar decisións sobre a súa promoción ou titulación, senón tamén para reflexionar sobre o que facer do profesor e a adecuación dos obxectivos e contidos programados.
- Atende globalmente a todos os ámbitos da persoa e non só aos aspectos puramente cognitivos e, por tanto, permite formular unha atención personalizada, tanto no proceso de aprendizaxe como na propia avaliación.
- Esta concepción da avaliación obriga a concretar os criterios de avaliación para establecer o tipo e grao de aprendizaxe que se agarda que alcancen os alumnos en relación coas capacidades indicadas nos obxectivos da materia.

A avaliación enténdese pois como un proceso que acompaña ao de ensino-aprendizaxe e que pretende medir todos os elementos implicados, así como responder ás funcións diagnóstica e apreciativa dos resultados conseguidos e das vías seguidas para obtelos.

Os procedementos de avaliación deben ser consensuados co alumnado e conducirán á valoración dos diferentes aspectos implicados na aprendizaxe: adquisición dos contidos, aprendizaxe dos procedementos, valoración das actitudes, realización dos proxectos e actividades e regularidade no seguimento da propia aprendizaxe.

Por tanto, o proceso de avaliación resultará da suma da avaliación da propia programación, da docencia, da aprendizaxe de cada alumno/a e do grupo. Será o resultado de valorar a adquisición dos obxectivos propostos para o curso por parte do profesorado, así como o proceso de aprendizaxe en si, a partir do seguimento diario, dos

resultados das probas obxectivas, dos proxectos realizados, da elaboración de exposicións orais e escritas e das fichas e exposicións e debates sobre os libros de lectura propostos

A avaliación de cada alumno/a pode variar en función das súas diversas capacidades e intereses, pero en xeral teranse en conta principalmente:

- A comprensión, expresión, produción e análise lingüística e literaria de textos orais e escritos adecuados a cada nivel educativo, reflectido todo elo nas distintas probas escritas e orais ó longo do curso.
- A calidade do traballo diario do alumno na aula e o reflectido no seu caderno de clase.
- A actitude do alumno na aula: amosar (ou non) respecto cara ó docente e ós seus compañeiros, impedir (ou non) o normal desenvolvemento da clase con interrupcións innecesarias, comentarios inoportunos, atención prestada (ou non) ó proceso de ensino, cumprimento (ou non) das instrucións do docente.
- A actitude do alumno cara á materia: traballo constante ou abandono do estudo, participación activa nas clases (ou non), ofrecemento (ou non) de corrixir voluntariamente exercicios, vontade de superación e esforzo persoal.
- A lectura efectiva dos libros propostos como lectura obrigatoria ou doutros libros escollidos libremente polo alumno/a.

Para a avaliación do profesorado e dos instrumentos de aprendizaxe, serán moi pertinentes as anotacións e comentarios continuos, que se reflectirán na reflexión do conxunto de docentes do Departamento Didáctico nas reunións mensuais e nas actas correspondentes, así como na memoria de final de curso.

En canto á avaliación do alumnado, será obxecto de un seguimento continuo e individualizado, así como da avaliación do grupo e da relación entre cada estudante e o conxunto no que se integra. Para a consecución da correspondente cualificación numérica trimestral e anual (ordinaria):

- Realizaranse probas en cada avaliación, tanto escritas como orais, que recollerán tanto aspectos conceptuais como procedimentais. A súa puntuación equivalerá ao 40% da nota en 2º ESO; ata un 50% en 4º ESO.
- Traballo e participación na clase, valorándose o esforzo, realización satisfactoria dos proxectos propostos, presentación do material e realización das actividades de aprendizaxe e reforzo, equivalente ao 40% da nota.
- Lectura de obras literarias; corresponderá un 20% da nota en 2º ESO; ata un 10% en 4º ESO.
- Nas probas escritas, así como nos traballos de aula, poderase reducir a nota por faltas de ortografía, puntuación ou problemas de expresión ata 2 puntos, 0,25 por faltas consideradas graves (j/g, b/v, h, z/c, incoherencias gramaticais, o uso adecuado dos signos de puntuación...) e 0,1 para as menos graves.
- A avaliación final ordinaria será o resultado da progresión da aprendizaxe ao longo dos trimestres. Só se contempla a posibilidade de realizar unha proba escrita para recuperación total da materia nas derradeira semanas de curso nos casos en que o alumnado corra risco real de suspender na convocatoria de xuño e sempre e cando

se dea a circunstancia de que a persoa afectada non teña manifestado un abandono constatado da materia. No caso de que así sucedese, farase comunicación escrita á familia polas vías establecidas para tal efecto.

Neste sentido, tal e como se lle transmitirá ao alumnado e ás familias, as cualificacións resultarán **acumulativas** no sentido que a continuación se precisa: para a cualificación de cada avaliación terase en conta non só o traballo desenvolvido e as notas obtidas en cada un dos apartados anteriormente sinalados, senón tamén o traballo desenvolvido e as notas obtidas na avaliación ou avaliacións precedentes. Disto despreñdese que, por exemplo, a cualificación do apartado de probas escritas na segunda avaliación non será o resultado das probas escritas na primeira avaliación senón o resultado desas probas agregadas ás obtidas na primeira avaliación e así con cada un dos apartados sinalados como instrumentos de cualificación.

Esta decisión acordada de forma unánime polos membros do departamento responde a tres aspectos básicos. Por unha banda, búscase facer máis visible ao alumnado o sentido da avaliación continua e que as cualificacións son o resultado do esforzo continuado durante todo o curso escolar. Por outra banda, transmítese así ás familias, en cada avaliación, unha imaxe máis precisa da progresión no desenvolvemento competencial e comprensión dos contidos das súas fillas e dos seus fillos (evitando así impresión erradas, tal e como temos atopado nas entrevistas coas familias, de pais e/ou nais que manifestan no primeiro trimestre preocupación por unha nota baixa ou un suspenso e, logo, ao darse unha leve melloría que posibilita un ascenso na nota extraen a conclusión de que o asunto queda resolto). Por último e a raíz do vivido no curso precedente, déase a situación extraordinaria que se dea, poderase establecer unha nota máis axustada, máis precisa e máis xusta ao traballo desenvolvido por parte do alumnado, sen ter que recurrir a medias aritméticas que poden distorsionar a fotografía de conxunto do proceso de aprendizaxe. Empregando este procedemento de avaliación e cualificación, a nota final do curso será a mesma que a obtida na última avaliación cualificable do curso. Se o curso transcorre como en anos previos ao vivido no curso precedente, a cualificación da 3ª avaliación será a mesma que a da convocatoria de xuño.

No caso de que, por razóns sobrevidas, houberse unha situación que derivase nun período de **docencia a distancia**, **reduciríanse os instrumentos de cualificación** computables na valoración do proceso. Así, tal e como se falou e reflectiu en actas de reunión de departamento do curso pasado, non se farán probas escritas nin se exixirá a realización de lecturas obrigatorias. Ese 60% da nota pasaría a ser asumida pola realización das tarefas e pola actitude construtiva e colaborativa amosada cara a materia durante o período de docencia en liña, seguindo esta porcentaxe: 80% realización de tarefas; 20% actitude (vontade de búsqueda de solucións de dificultades, desexo de realizar lecturas voluntarias, puntualidade na entrega de tarefas...).

Debemos inserir un último engadido en relación ao procesos de redondeo. Tal e como se nos comunicou por parte de Inspección Educativa no curso precedente, ben avanzado este e coas programacións didácticas entregadas, debemos aplicar o redondeo cara o número enteiro superior cando a nota rebase a metade do valor da unidade, así: un 5,5 noa cualificación final quedará reflectido no boletín de notas cun 6. Dito isto, precisamos nesta presente programación que o redondeo se realizará en base aos seguintes criterios cuantitativos:

- 1) O redondeo será aplicado na convocatoria de xuño e sobre a cualificación final obtida empregando as porcentaxes referidas no apartado de Instrumentos de cualificación en cada avaliación, non sobre a media aritmética de cada avaliación, pois como xa se sinalou anteriormente, a nota de cada trimestre é o resultado da acumulación das cualificacións colleitadas ao longo do curso e non só do realizado nesa avaliación.
- 2) Nas avaliacións intermedias (1ª e 2ª avaliación), que teñen un valor diagnóstico, o redondeo cara ao número enteiro superior será a partir de 0'7. Esta medida pretende evitar interpretacións erradas por parte do alumnado, pois un estudante que se obtén a nota intermedia entre 2 números enteiros está tan próximo á inferior como á superior e só se resolverá en función do seu desenvolvemento competencial nos seguintes trimestres, onde poden presentarse dificultades non esperables ou pode obterse unha mellora que faga máis claro que o nivel dese estudante está máis próximo do valor superior que do inferior.

A cualificación da convocatoria extraordinaria de setembro, para a que se proporán unha serie de actividades de reforzo relacionadas con cada Unidade Didáctica e a adquisición dos contidos da mesma, dependerá dun exame no que se plasmará a aprendizaxe dos contidos mínimos e a consecución dos obxectivos programados. Tamén se aplicará nesta avaliación aplicárase o redondeo cara o número enteiro superior cando a nota rebase a metade do valor da unidade.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente utilizaremos os seguintes indicadores de logro: (Respostas a escoller: si / non; sempre / con frecuencia / ás veces / rara vez / nunca)

- a) Aprobáronse máis da metade dos alumnos do grupo?
- b) Puxéronse en marcha medidas de reforzo educativo cos alumnos con baixo rendemento académico na materia de Lingua castelá e Literatura?
- c) Explicáronse na aula todos os contidos previstos na programación didáctica por trimestres?
- d) Cómpre realizar algún cambio na metodoloxía utilizada nas clases de Lingua castelá e Literatura para despertar un maior interese dos alumnos pola materia?
- e) Utilízanse as novas tecnoloxías e diversas fontes de información no traballo de aula na materia de Lingua castelá e Literatura?
- f) Houbo algunha reclamación da nota na materia de Lingua castelá e Literatura por parte dos alumnos?
- g) Realízanse probas escritas periodicamente na materia de Lingua castelá e Literatura para coñecer o grao de adquisición dos contidos e de desenvolvemento da competencia lingüística por parte dos alumnos?
- h) Comunícanse ós titores e/ou ás familias dos alumnos os problemas graves de aprendizaxe detectados na materia de Lingua castelá e Literatura?
- i) Celébranse as oportunas reunións do departamento e recóllense nas actas os puntos tratados e/ou acordados nesas reunións?

- j) Hai colaboración cos outros departamentos de linguas (Lingua galega e Literatura, Inglés e Francés) para intercambiar información académica sobre os alumnos e consensuar unha terminoloxía lingüística común?

11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso non hai alumnado con materias pendentes.

12. Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor

No presente curso non hai alumnado repetidor.

13. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar como consecuencia dos seus resultados

Desde o comezo do curso e ata dúas ou tres semanas despois, aproximadamente, os docentes adicarán as clases a coñecer o nivel académico inicial dos seus novos alumnos a través de distintos procedementos:

- Intercambios orais cos alumnos: seguindo o modelo de pregunta-resposta, diálogos, debates, presentación persoal de cada alumno diante do grupo, comentarios orais e en voz alta sobre un texto lido na aula.
- Observación do traballo do alumno na aula e da súa calidade.
- Análise e revisión das producións dos alumnos:
 - caderno de clase
 - actividades creativas: redaccións, poemas, entrevistas ficticias, murais
 - pequenos traballos sobre fragmentos de textos literarios lidos na aula.
- Proba escrita, específica da avaliación inicial, na que se pregunten cuestións relativas ós contidos mínimos esixibles no curso anterior e que conleve a posta en práctica das competencias clave (especialmente as máis relacionadas coa materia de Lingua Castelá e Literatura, como: as competencias lingüística, social, cultural e artística ou de aprender a aprender). Nesa proba figurarán, como modelo recomendable de avaliación, un texto (ou máis) sobre o que se realizarán preguntas de comprensión e localización de información, cuestións de coñecementos lingüísticos (léxico, semántica, sintaxe) e de literatura (sobre algún autor ou obra fundamental da historia da literatura en lingua castelá).

A corrección desa proba específica de avaliación inicial non suporá unha nota cuantitativa para o alumno, pero si cualitativa. Comentaránselle por escrito a cada alumno os conceptos ou procedementos que debe traballar máis de cara ó curso no que se atopa e, dependendo da gravidade da falta de coñecementos e do rendemento académico nesta materia en cursos anteriores, contemplarase a posibilidade de integrar a determinados

alumnos nun programa de reforzo educativo na materia.

14. Medidas de atención a diversidade

MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON DIFICULTADES NA APRENDIZAXE E/OU REPETIDOR

O alumnado que presente un baixo grao de desenvolvemento da competencia lingüística en castelán recibirá un reforzo educativo, que consistirá en:

- ❑ Facilitar semanalmente ó alumnado actividades de repaso e reforzo da materia (a través de fotocopias do material didáctico oportuno ou de fichas de elaboración propia), que incidan especialmente nos contidos mínimos esixibles.
- ❑ Corrixir semanalmente esas actividades e devolvérllelas ós alumnos cos comentarios oportunos para que detecten os seus erros e sexan máis conscientes do seu proceso de aprendizaxe (finalmente o profesor quedará en posesión dese traballo).
- ❑ Se é posible polo horario dos docentes, o profesor procurará estar dispoñible durante un recreo á semana para ofrecerlles ós alumnos a posibilidade de plantexarlle dúbidas, preguntas, ou recabar a súa axuda na realización das tarefas da materia. O profesor indicará a aula e o horario no que estará dispoñible.

Entre os obxectivos que se persiguen con ese reforzo figuran:

Obxectivo 1: Comprender discursos orais e escritos.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Deficiente lectura mecánica	*Ler en voz alta, con entonación e ritmo adecuados, textos de extensión reducida.
*Deficiente lectura comprensiva	*Ler textos breves en silencio primeiro e logo en voz alta, para expresar a continuación a idea principal. *Realizar actividades de comprensión previas á lectura e durante a mesma.
*Deficiente lectura expresiva	* Ler en voz alta textos poéticos e teatrais, co ritmo, velocidade e entoación que mellor se axusten ó contido.
*Mala pronunciación	*Ler en voz alta textos alleos (poéticos especialmente) e propios. * Realizar breves exposicións orais sobre calquera tema.
*Falta de vocabulario	*Facer exercicios de léxico e semántica, especialmente definicións. *Realizar as actividades académicas

	coa axuda sempre dun dicionario.
--	----------------------------------

Obxectivo 2: Utilizar a lingua (oral e escrita) para expresarse de forma coherente e adecuada.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Escaso dominio da ortografía.	*Realizar actividades específicas sobre acentuación, puntuación ou erros ortográficos. *Levar un rexistro persoal de erros ortográficos. *Facer exercicios específicos de lectura, escritura e ditado para a fixación visual das palabras que máis soen causar os seus erros.
*Desorde do discurso.	*Realizar breves exposicións orais e escritas con esquemas previos.
*Incapacidade para adecuar o rexistro lingüístico á situación comunicativa.	*Corrixir, por inadecuadas, as expresións vulgares e de xergas. *Reprimir todo tipo de insultos, tacos e frases malsoantes.
*Dificultade para expresar pensamentos e sentimentos.	*Contar oralmente ou por escrito historietas gráficas mudas. *Continuar os textos lidos, intentando imitar o seu estilo. *Explicar oralmente os textos literarios lidos e os recursos que conteñen. *Propoñer redaccións sobre aspectos cotiáns da súa vida e de carácter introspectivo e persoal.
*Falta de adestramento no uso da linguaxe corporal.	*Propoñer actividades con linguaxes non verbais: xestual, mímico e plástico. *Esixir actitudes e posturas correctas na aula.
*Uso desmedido de “muletillas”.	*Corrixir o inicio e o desenrolo das conversacións e exposicións orais, para evitar o abuso das muletillas e os silencios que cortan a fluidez do discurso. *Traballar os nexos textuais.

Obxectivo 3: Utilizar a lingua para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
--------------	----------------------------

*Escaso manexo das fontes de información.	*Elaborar traballos sinxelos de investigación, para que vaian afacéndose á correcta utilización das fontes de información.
*Pouco dominio de técnicas de traballo intelectual	*Utilizar continuamente as técnicas esenciais de aprendizaxe: subliñado, esquemas, cadros, resumos, títulos, etc.
*Descoñecemento do manexo de dicionarios e enciclopedias.	*Localizar e manexar diversos tipos de dicionarios e enciclopedias na biblioteca do centro. *Realizar actividades e xogos con dicionarios e enciclopedias.
*Descoñecemento da utilización de Internet	*Visita á aula de informática para aprender a utilizar os ordenadores e navegar pola rede.

Obxectivo 4: Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Ignorancia da terminoloxía lingüística esencial	*Ir proporcionándolles un vocabulario dos termos lingüísticos esenciais, definidos con claridade e precisión.
*Aprendizaxe memorístico dos conceptos gramaticais	*Empregar un método inductivo, partindo de realidades lingüísticas concretas, para chegar, por abstracción, ós conceptos.
*Rexeitamento da materia de lingua, cando se reduce a pura gramática	*Equilibrar o tempo adicado ó uso da lingua, á gramática, á literatura e á lectura. *Perseguir o obxectivo de coñecer os mecanismos da lingua para mellorar o seu uso.

Obxectivo 5: Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Escaso uso da lectura con finalidade lúdica	*Dispór na aula ou na biblioteca do centro de libros atractivos adecuados á idade e intereses dos alumnos. *Explicar ós compañeiros os libros que máis lles gustaron.

*Rexeitamento das grandes obras da literatura	*Seleccionar fragmentos de textos apropiados á súa idade, capacidades e intereses. *Fomentar a asistencia a representacións teatrais e recitais. * Poñer á súa disposición coleccións e versións adecuadas á súa idade.
---	---

MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON SOBREDOTACIÓN INTELECTUAL

- Ofrecer actividades de ampliación dos contidos do currículo.
- Facilitar o acceso a recursos e materiais adicionais (mesmo doutras materias do seu interese), que deben ser planificados especificamente.
- Posibilitar que os alumnos asistan temporalmente a clases de Lingua Castelá e Literatura en cursos superiores, se xa dominan os contidos que se están a impartir na aula para o gran grupo.
- Fomentar a súa participación activa no proceso de ensinanza-aprendizaxe e ter a oportunidade de poñer en práctica as súas habilidades.
- Valorar as súas ideas creativas e orixinais.

MEDIDAS DE ATENCIÓN PARA O ALUMNADO CON TDAH

Aplicarase o protocolo marco fixado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario), consensuando co Departamento de Orientación as adaptacións necesarias atendendo a singularidade de cada caso.

MEDIDAS DE ATENCIÓN PARA O ALUMNADO CON TEA

Aplicarase o protocolo marco fixado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista), consensuando co Departamento de Orientación as adaptacións necesarias atendendo a singularidade de cada caso.

15. Concreción dos elementos transversais

Ao longo do curso, nos trimestres nos que está previsto abordar determinados contidos e os seus estándares de aprendizaxe, e con carácter xeral para toda a ESO, traballaranse os seguintes elementos transversais vencellados a eles:

Comprensión lectora e expresión oral e escrita: traballaranse durante todo o curso, utilizando fragmentos de obras literarias, exposicións orais de proxectos realizados individualmente ou en equipo, explicacións de mapas e diversos textos sobre a realidade cotiá.

O emprendemento: incidirase especialmente no espírito emprendedor dalgúns personaxes

de textos comentados na aula ou de lecturas que os alumnos recensionen, avaliando positivamente o seu desexo de vivir novas aventuras, aprender novos coñecementos ou participar en proxectos interesantes para o seu futuro persoal e/ou profesional.

A comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación: o alumnado terá que expoñer oralmente diante do grupo algún traballo sobre certos contidos da materia. Na súa realización será imprescindible obter información utilizando as novas tecnoloxías e valorarase especialmente o uso de recursos audiovisuais na súa exposición. Tamén se prevé a creación de materiais audiovisuais e o traballo na aula con múltiples ferramentas e recursos dixitais.

A igualdade efectiva entre homes e mulleres: o alumnado reflexionará sobre a desigualdade existente entre sexos en textos literarios ubicados en tempos antigos e, por contraste co que ocorría no pasado, valorarán as consecuencias positivas que ten para a sociedade unha igualdade efectiva entre homes e mulleres. Se aproveitará o traballo cos tipos de textos para valorar a igualdade en textos actuais dos medios de comunicación.

Prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia: o alumnado reflexionará sobre as consecuencias negativas de calquera forma de violencia a través de lecturas, ou documentos audiovisuais que aborden períodos históricos bélicos ou relacións humanas marcadas polo recurso á violencia. Fomentarase, polo tanto, o rexeitamento de todos os procesos violentos na interacción entre persoas e pobos.

Educación e seguridade viaria: a lectura de textos nos que estean moi presentes viaxes ou desprazamentos dos personaxes ao longo da historia permitirá lembrar a importancia dunha boa rede de comunicacións para o desenvolvemento dunha sociedade, pero tamén a necesidade de cumprir as normas de circulación (tanto como condutores como peóns).

Educación para a convivencia e para a paz: a lectura de textos literarios cunha historia que se desenvolve durante unha guerra ou un conflito armado permitirá salientar os beneficios de vivir en paz, promovendo o respecto e a tolerancia como base imprescindible para unha boa convivencia entre individuos e colectividade humanas.

Educación artística: a lectura dalgúns poemas e fragmentos de obras significativas da historia da literatura en lingua castelá tentará espertar nos alumnos a conciencia e a creatividade artísticas. Do mesmo xeito promoverase a creación de textos e a representación teatral. Nos cursos en que se aborde a historia da literatura, utilizaranse cadros e pezas musicais como modo de comprender a época, comparar o contexto creativo e valoralo.

Educación para o consumo: o contraste entre as escasas necesidades de consumo de roupa ou comida por parte de personaxes de textos literarios ubicados en épocas pasadas e o excesivo consumismo na sociedade contemporánea permitirá comprobar aos alumnos o innecesario dalgúns produtos que hoxe se mercan habitualmente. Abordarase especialmente este problema cando se aborde o texto publicitario.

16. Actividades complementarias e extraescolares

Non se contempla a realización de ningunha actividade complementaria co alumnado en ningunha das materias que imparte este Departamento. No entanto, manterase unha estreita colaboración coas actividades da Biblioteca do centro, co Club de Lectura e con calquera departamento didáctico do centro que requira da colaboración dos membros deste Departamento.

En caso de mellora da situación sanitaria podería valorarse a realización dalgunha saída didáctica (biblioteca, museo, teatro...).

17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

POR PARTE DOS DOCENTES

Realizarase unha revisión e seguimento desta programación para detectar posibles desviacións e realizar as pertinentes correccións para chegar aos obxectivos planificados. Estas revisións realizaranse nas reunións de departamento da última semana de cada mes. Ditas revisións serán recollidas no libro de actas do departamento e tamén na memoria de final de curso.

As avaliacións diagnósticas serán tamén un bo instrumento de avaliación, do mesmo xeito que a cualificación por parte do alumnado e dos membros da comunidade escolar.

A memoria do anterior curso escolar é tamén unha fonte de revisión e avaliación da programación.

En cada reunión mensual, cada docente membro do Departamento deixará constancia do cumprimento e a valoración da programación establecida, e sinalará e xustificará os cambios introducidos.

POR PARTE DOS ALUMNOS/AS

Os alumnos tamén poden valorar o proceso de ensino-aprendizaxe a través de indicadores como os seguintes, que quedarán reflectidos nunha enquisa:

I. ¿Como traballamos en clase de...?

(Resposta a escoller: Moi pouco / Pouco / Algo / Bastante / Moito)

1. Entendo ó profesor cando explica.
2. As explicacións parécenme interesantes.
3. As explicacións parécenme amenas.
4. O profesor explica só o do libro.
5. O profesor usa outros recursos ademais do libro.
6. Pregunto o que non entendo.
7. Realizamos tarefas en grupo.
8. Utilizamos as novas tecnoloxías na aula.

II. ¿Como son as actividades?

9. As preguntas correspóndense coas explicacións.
10. O profesor só pregunta o do libro.
11. As actividades están claras na súa formulación.
12. As actividades corríxense en clase.
13. As actividades, en xeral, son interesantes e participativas.
14. O profesor manda demasiadas actividades.

III. ¿Como é a avaliación?

15. As preguntas das probas escritas están claras.
16. O que me preguntan foi explicado en clase.
17. Teño tempo suficiente para contestar as preguntas.
18. Fago demasiadas probas escritas.
19. As notas das probas escritas serven para comprobar o que aprendín.
20. As probas escritas, despois de corrixidas, revísanse e compróbanse logo na clase.
21. Valórase o meu comportamento na aula, a miña actitude cara á materia e a calidade do meu traballo na casa.
22. Creo que, en xeral, a valoración do meu traballo é xusta.

18. Accións de contribución ao Proxecto Lector

Se hai algunhas materias impartidas na ESO especialmente vencelladas ao fomento da lectura, estas son as de Lingua e Literatura castelá e Lingua e Literatura galega. No noso caso, a propia concepción dos contidos e da metodoloxía para impartilos implica sempre a lectura de textos por parte do alumnado. Todos os contidos se traballan, logo da correspondente explicación teórica, con escritos lingüísticos ou literarios que ilustren aqueles conceptos. Desta maneira, poderíamos dicir –sen temor a esaxerar– que non existiría a nosa materia obxecto de estudo sen a lectura. Agás no caso dos alumnos de 1º de ESO, que contan cunha sesión semanal adicada á lectura en lingua castelá, resulta moi difícil concretar o tempo exacto asignado a esa actividade nas sesións lectivas da nosa materia. En xeral, e tentando facer un promedio aproximado, a terceira parte do tempo das clases implican a lectura efectiva de textos po parte do noso alumnado (se se exclúe a propia escritura –que implica unha lectura mental– dese cómputo).

A continuación presentamos algunhas accións que promocionan o carácter lector do noso alumnado desde a nosa materia:

- A obrigatoriedade de ler un libro na parte correspondente de literatura castelá (clásicos ou de literatura xuvenil) en cada trimestre. Sobre esas lecturas, o docente formulará preguntas de control da comprensión dos textos e abordará os seus principais trazos temáticos e estruturais. Con este fin, propónse unha lista aberta de títulos.
- A oferta doutras lecturas de carácter voluntario en cada nivel educativo; contemplándose a posibilidade dunha avaliación positiva, que mellore a nota académica, daqueles alumnos que presenten un traballo final sobre o libro –dirixido previamente polo profesor encargado.
- A sesión semanal de lectura en lingua castelá para os alumnos de 1º de ESO.
- Algunhas sesións de clase trasladaranse eventualmente á biblioteca do centro escolar, para desenvolver alí diversas actividades, tales como: lectura en voz alta de libros que se atopan nesa sala, explicacións sobre os recursos e utilización do material da biblioteca, busca de libros por xéneros literarios, suxestións dos alumnos para adquirir novos libros por parte da biblioteca...
- A posibilidade de traer ó centro escolar a algún escritor/a do que temos posta algunha obra súa como lectura obrigatoria nalgún curso de ESO O feito de intercambiar opinións e experiencias lectoras cos alumnos sempre os motivará máis cara á lectura.
- A posibilidade de realizar concursos de redacción ou creación literaria que sigan como modelo un libro de lectura proposto polo docente ou escollido polos alumnos.

O alumnado contará cunha lista de libros recomendados, que, en calquera caso será aberta, podendo engadirse múltiples títulos propostos polo alumnado ou polo profesorado. En 1º de ESO o horario permite un reforzo do proxecto lector, xa que das catro horas semanais, dedícase unha á lectura colectiva, socializada e guiada polo docente poda ser unha realidade.

Nos demais cursos de ESO e de forma especial en 3º e 4º proporcionaranse textos

seleccionados, relacionados coa etapa da historia da literatura correspondente ao desenvolvemento do programa. O equipo docente do Departamento de Lingua castelá forma parte do equipo da biblioteca e coñece ven os fondos, de xeito que oferta constantemente ao alumnado libros de lectura do fondo da biblioteca, e adquire novos libros que lle podan interesar ao alumnado.

19. Accións de contribución ao plan TIC

Os recursos didácticos dos que dispón o docente e a propia metodoloxía na impartición das clases fomentan o uso das novas tecnoloxías.

A integración do noso centro no proxecto ABALAR permitiu equipar as aulas de 1º e 2º de ESO cos ordenadores e as infraestruturas necesarios para ensinar os contidos desde estratexias didácticas que integran o uso das novas tecnoloxías e facilitan moito o aproveitamento do equipamento informático por parte de alumnos e docentes, e permitirá evidenciar a eficacia e funcionalidade da integración das TIC en todo o currículo.

Por outra parte, todas as aulas dos grupos de 3º e 4º de ESO dispoñen dun ordenador na mesa do profesor, dun canón e dunha pantalla despregable na parede para poder proxectar ó alumnado as imaxes que se vexan no ordenador. Isto facilita moito o acceso a contidos máis actualizados da materia, a proxección de vídeos sobre escritores (entrevistas, reportaxes ou apartados adicados en portais temáticos sobre literatura) e obras literarias (versións televisivas ou cinematográficas).

Ademais contemplamos outras actividades que contribúen á integración das TIC no currículo dos nosos alumnos:

- O uso da aula de informática de ESO nalgúñas clases para localizar a través de Internet distintas páxinas web relacionadas co temario
- A preparación de traballos académicos ou de creación literaria usando procesadores de texto nos ordenadores (Microsoft Word, preferentemente), para que os alumnos se habitúen a presentar os seus escritos con determinadas marxes, tipos de letra, tamaño de fonte, tabulacións, subliñados, numeración de páxinas...
- A preparación de exposicións orais diante do grupo que conleven o uso das novas tecnoloxías (presentación en PowerPoint, con edición de vídeo, integración de pistas de audio...).

A procura de información en internet, a elaboración do noso propio xornal con programas informáticos, a creación de blogs, a difusión en rede do noso xornal.... O uso de programas de tratamento de textos, así como de instrumentos dixitais para a comunicación, serán ferramentas fundamentais nun ensino práctico que desexa adecuarse á realidade da sociedade na que se desenvolve

20. Accións de contribución ao plan de Convivencia

Desde o noso Departamento contemplamos as seguintes accións para contribuír ó cumprimento das normas sobre convivencia no noso centro educativo:

- a) A observancia estrita por parte dos docentes das normas básicas de convivencia do noso centro, respectándoas e facéndoas respectar ao

alumnado.

- b) O fomento do traballo cooperativo entre os nosos alumnos, valorándoo como medio de aprendizaxe para integrarse nun grupo.
- c) O tratamento en cada unidade didáctica da programación dos contidos relacionados coas actitudes, valores e normas, transmitindo ao alumnado a importancia da reflexión sobre eses conceptos en cada texto proposto para a súa análise e comentario.
- d) A posta en práctica de estratexias conciliadoras nos debates orais planificados que se desenvolvan na aula: aceptación sincera da argumentación doutros –se se revela como a mellor fundamentada e a máis lóxica-, uso dun ton respectuoso nas intervencións propias, rexeitamento público do uso de argumentos baseados en descalificacións persoais, respecto polas quendas de palabra...
- e) Elaboración de redaccións ou pequenos traballos persoais sobre temas relacionados coa convivencia que sexan do interese dos alumnos.
- f) Concienciación do uso dunha linguaxe non violenta, que coide o ton, o volume e o léxico empregados na comunicación cos demais.
- g) Reflexión sobre a importancia dos xestos e expresións cos que acompañamos as nosas mensaxes orais para favorecer unha mellor aceptación da opinión propia, aínda que esta non sexa coincidente coa doutras persoas.

A programación seguirá as directrices do Plan de Convivencia do CPI de Vedra derivado da futura Lei de Convivencia.

21. Outras materias adscritas ao Departamento

21.1 ECONOMÍA, 4º ESO

A. Introducción e contextualización

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos

económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais. A materia de 4o de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas.

O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización. A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e

cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

B. Obxectivos

A materia de economía contribuirá a conseguir acadar os obxectivos marcados para a educación secundaria obrigatoria:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas o mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as

diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

C. Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Bloque 1. Ideas económicas básicas				
a d f	B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL CSC

			ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CAA CD
f h o	B1.4. O método na economía: modelos económicos. B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CCL
			ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	CAA CSC
			ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	CD CMCC T
a f	B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	CMCC T CSC
			ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	CMCC T CSC
	Bloque 2. Economía e empresa			

a b e m	B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa.	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	CMCCT CSIEEE
			ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA CD
			ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	CSIEEE CSC
a f e	B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. B2.6. Sectores da actividade económica.	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT CSC
			ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CD CSC

e f	B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CD CMCCT
e f	B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. B2.9. Resultados da empresa.	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos atemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT
a e f	B2.10. Obrigas fiscais das empresas.	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	CD CMCCT CSC
Bloque 3. Economía persoal				
d e f	B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA CD CMCCT

		cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	<p>ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.</p> <p>CAA CD CMCCT</p>
			<p>ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.</p> <p>CAA CD CMCCT</p>
a d m	B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	<p>ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional</p> <p>CAA CSIEEE</p>
a f	B3.4. Aforro endebedamento. Os plans de pensións. B3.5. Risco e diversificación.	B3.3. Expressar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	<p>ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.</p> <p>CAA CSC</p> <p>ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.</p> <p>CAA CSC</p>

a b e f g	<p>B3.6. O diñeiro.</p> <p>B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.</p> <p>B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.</p> <p>B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.</p>	<p>B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade</p>	<p>ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.</p>	<p>CCL CMCCT</p>
			<p>ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.</p>	<p>CCL CAA CD</p>
			<p>ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas</p>	<p>CAA CD</p>
			<p>ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.</p>	<p>CCL CD CMCCT</p>
e f g	<p>B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.</p>	<p>B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.</p>	<p>ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.</p>	<p>CAA CCL CMCCT</p>
<p>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</p>				

a b e f g ñ	B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	CMCCT CSC
			ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	CD CMCCT
			ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	CMCCT CSC
			ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CCL CSC
a e f	B4.2. A débeda pública e o déficit público.	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL CMCCT
a c d e f	B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	CCL CMCCT CSC

			ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	CAA CD CMCCT
	Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego			
a c e f	B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CSC
			ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	CCL CMCCT CSC
			ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CD CMCCT
a c e f	B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CMCCT CSC
			ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	CD CSC
			ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	CAA CD
	Bloque 6. Economía internacional			

a e f m	B6.1. Globalización económica. B6.2. Comercio internacional. B6.3. Integración económica e monetaria europea. B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.	B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	CAA CSC
			ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	CCL CSC
			ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no con texto da globalización e o comercio internacional.	CAA CD CSC
			ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	CCL CD CSC
			ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CAA CSC

D. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

- Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.
- Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.
- Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.
- Diferencia entre economía positiva e economía normativa.
- Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.

- Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.
- Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.
- Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.
- Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.
- Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.
- Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.
- Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.
- Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados na marcha da empresa.
- Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.
- Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.
- Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.
- Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.
- Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.
- Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.
- Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.
- Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.
- Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.

- Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.
- Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.
- Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.
- Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.
- Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.
- Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.
- Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.
- Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.
- Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.
- Interpreta gráficos representativos da distribución da renda.
- Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.
- Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.
- Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.
- Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.
- Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.
- Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.
- Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.
- Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.
- Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.
- Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.
- Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.

E. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os procedementos de avaliación serán os seguintes:

- Participación positiva e activa na aula, amosando interés polas actividades que se realicen.
- Realización das tarefas encomendadas pola profesora, tanto na aula como as que deben realizar na casa, así coma a entrega das mesmas.
- Tarefas ordinarias: resolución de exercicios e problemas, preguntas plantexadas polo profesor.
- Traballos de investigación.
- Probas escritas: exames.

Para avaliar o profesor vai empregar diferentes instrumentos:

Probas escritas: onde o alumno/a reflexará os coñecementos adquiridos, coherencia e expresión. Os aspectos máis relevantes a ter en conta con respecto ás probas escritas son:

Cada proba terá dúas partes: teoría e práctica na medida en que o permita a materia impartida.

Os criterios que se van a seguir no momento de correxir os exames son os seguintes:

- Con carácter xeral, o alumno/a deberá coidar a presentación, a orde e claridade nas respostas así como a necesidade de empregar con propiedade o vocabulario propio da materia e de evitar erros ortográficos.
- Nas preguntas cortas valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. A falta de xustificación ou dun exemplo nos casos nos que se pida considerarase como resposta incompleta e baixase a puntuación.
- Nas preguntas desenvolvemento, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo a claridade expositiva e a utilización axeitada dos conceptos fundamentais. Tamén se valorará positivamente a elaboración dun esquema guión no que se resuma o contido da resposta.
- No relativo aos exercicios prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado puntual, senón tamén a coherencia do plantexamento. Ademais cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que si está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influida negativamente por cálculos equivocados que foran realizados en apartados anteriores.
- Recollida dos traballos realizados na clase, así como participación noutras actividades propostas.
- Participación en xogos de toma de decisións empresariais.

F. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

Ao inicio de cada unidade didáctica, o profesor exporá os novos contidos que se van explicar realizando un cadro sinóptico; neste sentido o docente tratará de relacionar os novos contidos cos explicados en unidades anteriores ou con contidos doutras materias. A continuación empezará a explicación da unidade seguindo o libro de texto ou o material proporcionado en fotocopias, elaboraranse esquemas na lousa e poranse exemplos

prácticos para axudar á comprensión dos novos contidos. O profesor fará preguntas na clase sobre os contidos explicados en sesións anteriores que nos servirán para seguir o curso das explicacións. En todo momento os alumnos poderán consultar todas as dúbidas que xurdan sobre os contidos explicados.

Ao longo da unidade e ao termo desta formularanse exercicios e comentarios de textos que os alumnos farán na clase e logo serán corrixidos polo profesor. Ademais, proporanse traballos en grupo relacionados cos contidos explicados que serán expostos na aula.

Abordase de maneira autónoma e razoada problemas económicos do contorno, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, en especial as tecnoloxías e medios de información e comunicación.

G. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Manexo de bibliografía axeitada aos contidos da materia.

O libro de texto máis axeitado á programación formulada neste proxecto. O libro de texto para

o presente curso é ECONOMÍA 4º ESO Ed. Anaya.

Medios audiovisuais: televisión, vídeo, cañon e pizarra dixital.

Lectura da prensa diaria e revistas especializadas.

Consultar a información económica dispoñible a través de INTERNET.

Organizar algunha charla, mesa redonda, conferencia na que participen persoas especializadas en temas económicos.

Participación en xogos de simulación empresarial.

H. CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- En cada avaliación realizarase unha proba por cada dúas ou tres unidades didácticas e calcularase a nota media sempre e cando o alumno obtivera unha nota igual ou superior a 4 puntos. As probas non superadas poden ser recuperadas. A devandita media ten que ser como mínimo un 5 e suporá o 80% da nota final. No caso de suspender algunha das dúas primeiras avaliacións, haberá unha recuperación en xuño por avaliacións completas e en setembro de toda a materia.
- Observación e cualificación dos traballos realizados polo alumnado tanto na aula como en casa, manexo do vocabulario económico, traballos de investigación, resposta a preguntas formuladas polo profesor e participación en xogos de toma de decisión empresariais .Esta cualificación suporá o 20% da nota final.

Os criterios de promoción serán os seguintes:

Ter aprobadas as tres avaliacións.

Ter suspensa algunha avaliación pero realizar con éxito as recuperacións necesarias.

Aprobar un exame final da materia

I. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino

Escala

1 2 3 4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Indicadores de logro da práctica docente

Escala

1 2 3 4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.

11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
15. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...

J. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Esta materia non pode ter alumnos/as coa materia pendente por pertencer ao último curso da ESO.

K. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.

O alumnado matriculado en 4o ESO non teñen coñecementos previos da materia de Economía.

L. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A data de realización da avaliación previa será nos primeiras clases do curso. Esta avaliación consistirá nunha lista de preguntas sobre conceptos básicos de economía para ver se o as respostas dos alumnos/as coinciden coa resposta correcta e detectar así posibles confusións sobre ditos conceptos. Estas preguntas serán correxidas pola profesora despois de escoitar as respostas dos alumnos/as.

Con esta proba determinarase a maneira en que deben introducirse os primeiros contidos para que o alumnado poida ir introducindo pouco a pouco a pouco vocabulario económico e comprendendo os contidos dos primeiros temas.

M. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Se houberse alumnos con necesidades educativas especiais procuraríase unha adaptación da programación en función das súas posibilidades esixíndolles tan só os contidos mínimos, reforzaríase máis as actividades prácticas e formularíanse distintos modelos de exame.

N. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

A Economía, como o resto das ciencias sociais, permite un amplo tratamento de cuestións formativas que contribúen á aprendizaxe de determinados valores e hábitos. Os contidos transversais estarán relacionados con:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita.

A comunicación audiovisual.

As tecnoloxías da información e da comunicación.

O emprendemento.

A educación cívica e constitucional.

A igualdade efectiva entre homes e mulleres.

A prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade.

Os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade.

O rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Para o consumo

Educación ambiental

Educación vial

O. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

Non se contemplan.

P. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A programación revisarase cada trimestre.

Reflexaranse os contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.

Explicaranse as medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Indicadores

Escala

1 2 3 4

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.

2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.

3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto.
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
24. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
26. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
27. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
28. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

21.2. IGUALDADE DE XÉNERO, 2º ESO

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no artigo 13.3 e 13.4 como nos artigos 30.5 e 30.6, e 31.5 e 31.6, establecía a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación ofrecía materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido de libre configuración. En virtude da citada habilitación normativa ditouse a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establecía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes.

Co obxecto de seguir incrementando as opcións de elección dos centros docentes, dentro do seu marco de autonomía, e do seu alumnado, ampliouse o número de materias de libre configuración autonómica, de xeito que se adecúen aos proxectos educativos dos centros docentes ao tempo que se desenvolven as competencias clave e os elementos transversais.

A materia de Igualdade de Xénero poderá ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria. O alumnado poderá cursala nun dos cursos segundo a oferta establecida polo centro docente. De acordo co establecido no artigo 3.2 da Orde de 15 de xullo de 2015 esta materia terá unha carga horaria dun período lectivo semanal.

Os requisitos para a oferta das materias polos centros docentes serán os establecidos no artigo 4 da Orde de 15 de xullo de 2015.

Igualdade de Xénero.

A igualdade de dereitos e oportunidades entre as mulleres e os homes, así como a perspectiva de xénero, deben integrarse en todas as etapas do sistema educativo coa finalidade de promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A pesar de que nas últimas décadas se produciron importantes avances na eliminación das desigualdades por razón de xénero, aínda se identifican en multitude de ámbitos mostras preocupantes de que non se acadou unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Moitas destas mostras reproducense tamén entre o alumnado máis novo, de aí que sexa necesario integrar de maneira decidida a perspectiva de xénero, isto é, un enfoque que teña en consideración as diferenzas que existen entre mulleres e homes en distintas actividades ou ámbitos da vida co obxectivo de acadar a plena igualdade.

A educación constitúe un instrumento fundamental para mudar esta situación de desigualdade. Con esta materia preténdese concienciar o alumnado para que actúe de xeito crítico ante as situacións de desigualdade que percibe, no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións intepersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.

A diversificación formativa e profesional, así como a toma de decisións libres de estereotipos de xénero resultan imprescindibles para contribuír a este cambio social e para non perpetuar os mecanismos de selección educativos e profesionais baseados no xénero. Por outra parte, na escola seguen a invisibilizarse, en moitos casos, as achegas das mulleres nos distintos campos do saber, o que fai que os referentes sigan a ser os valores predominantemente masculinos que dan continuidade a roles diferenciados en función do seu xénero.

A materia estrutúrase en catro bloques diferenciados. O primeiro deles, denominado “A construción social das identidades sexuais e de xénero”, introduce os conceptos principais sobre xénero e igualdade relacionándoos coa realidade escolar, familiar e social, tratando de que poidan ser identificables nestes ámbitos polo alumnado. O obxectivo xeral consiste en iniciar unha toma de conciencia e reflexión sobre a situación da desigualdade, que será o desencadeante de situacións de discriminación, marxinalidade e violencia.

No segundo bloque, denominado “Relacións de xénero e afectividade”, trabállase a necesidade de abordar a convivencia e a relación entre os sexos, de reflexionar sobre a interdependencia entre os distintos xéneros e as relacións de afectividade e sexualidade. Segundo os modelos, os referentes ou os enfoques educativos que orienten a nosa aprendizaxe, a expresión da afectividade pode ser diversa; esta realidade debe ser necesariamente plural entre a mocidade. Abordar a convivencia e o desenvolvemento da sexualidade, a expresión e xestión da emocionalidade e dos afectos supoñerá participar e colaborar activamente nun dos obxectivos fundamentais da educación, como é que cada alumno e alumna adquiera un coñecemento da propia identidade e unha imaxe das demais persoas libre de estereotipos, que saiba aceptarse e expresarse axeitadamente e con respecto nos afectos e nas súas relacións persoais e co outro sexo.

No terceiro bloque, “Da discriminación á igualdade de oportunidades”, trabállanse as dificultades das mulleres para visibilizarse e acadar o que xa moito antes conseguiron os homes (por exemplo, as loitas polo sufraxio, o dereito á educación, os postos de responsabilidade pública ou o acceso ao poder político, social e económico). O alumnado debe coñecer que as mulleres foron e seguen a ser discriminadas nos ámbitos público e privado (mercado laboral, salarios, tarefas domésticas, linguaxe...). Ademais, tamén debe ser consciente da súa invisibilidade no transcurso da historia, recollendo información sobre algunhas das mulleres esquecidas nos distintos ámbitos do saber e esferas sociais, tanto na antigüidade como no mundo contemporáneo.

O cuarto bloque, “Cara a unha sociedade sen violencia machista” pretende, en primeiro lugar, describir e poñer de relevo como as violencias machistas son consecuencia das múltiples discriminacións por cuestión de xénero. Explicaranse mediante exemplos as distintas tipoloxías de violencia, procurando facer ver que a de dominio (física e emocional) é o cumio do iceberg máis perceptible da violencia machista. Visionarase a escaleira da violencia e valoraranse negativamente certas actitudes dentro da parella, algunhas naturalizadas e interiorizadas como probas de amor (control, celos...), aínda que acotío actúan de síntoma anticipatorio de condutas agresivas con consecuencias moi graves.

A amplitude e diversidade dos contidos propostos nesta materia, así como o seu carácter multidiciplinar, deixan aberto ao profesorado diferentes posibilidades de organización, secuenciación e concreción. A estruturación dos contidos que figuran nesta proposta non implica un tratamento diferenciado e separado, senón que todos os contidos deben traballarse de xeito progresivo e interrelacionado, o que é recomendable dende unha perspectiva metodolóxica. En todos os bloques resulta fundamental a motivación do alumnado para participar activamente nas tarefas e nos debates propostos, favorecendo o intercambio de ideas que conduzan a valorar positivamente a contribución persoal na construción dunha sociedade máis xusta.

Por outra parte, considérase imprescindible o fomento dun clima de confianza na aula, adecuado para a transmisión sincera de opinións e valoracións. Esta construción dunha convivencia positiva no espazo escolar permitirá a abordaxe desta materia de maneira integral, polo tanto, implica tamén o tratamento da educación emocional, das habilidades sociais e comunicativas e de todos aqueles elementos necesarios para saber convivir e relacionarse.

Tamén resultaría motivador para o alumnado, nalgún momento do curso académico, un traballo orientado á obtención dun produto final real (folleto, cartel, vídeo...) onde se integrasen as aprendizaxes, competencias, habilidades e actitudes adquiridas durante o curso.

Ademais resultaría de proveito que nalgúns dos contidos que se traten (linguaxe inclusiva, visibilidade das mulleres...), se colabore con outros departamentos didácticos e/ou servizos do centro, como por exemplo o departamento de Orientación ou o servizo de Mediación, no caso de que exista. Isto sería positivo, tanto para o alumnado como para o profesorado, pola optimización do tempo na explicación básica dos contidos así como para o rendemento do alumnado.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinar aos nenos e nenas a ter unha visión do mundo e das relacións entre xéneros, libre de prexuízos e estereotipos, construíndo unha sociedade igualitaria entre mulleres e homes.

CONTEXTUALIZACIÓN.

No concello de Vedra, ao igual que noutros lugares, o sistema patriarcal é o modelo imperante nos fogares e como consecuencia no alumnado, observándose unha transmisión de roles estereotipados, nos que a muller ocupa un lugar “secundario”, dedicada fundamentalmente aos coidados (aínda traballando fóra do fogar). Isto proporciona ao alumnado valores propios da cultura masculina, formando en referentes sociais e existenciais de desigualdade, marxinação e violencia.

Consideramos que no contexto do ensino, e nesta materia de Igualdade de Xénero, debemos traballar por romper con eses patróns de conduta adquiridos a través da tradición familiar, corríndoos. É necesario transmitirle ao alumnado o valor da igualdade, libre de estereotipos sexistas, e da corresponsabilidade, desenvolvendo actitudes respectuosas coas diversidades existentes, potenciando unha educación tolerante e integradora na que non se imponha ningún modelo de sexualidade.

I. a) OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

1. Expresar o significado da personalidade, describindo as virtudes e os valores éticos que fortalecen o carácter e axudan a actuar sobre a base da razón e da liberdade.
2. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.
3. Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.
4. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconceito positivo e potenciar a súa autoestima.

5. Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.
6. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
7. Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.
8. Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.
9. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
10. Asumir que a liberdade e a xustiza conforman a base moral do ser humano, valorando a vontade e a razón como elementos que incrementan a súa independencia e autonomía na sociedade.
11. Concienciar o alumnado para que actúe de xeito crítico ante as situacións de desigualdade que percibe, no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.
12. Tomar decisións libres de estereotipos de xénero imprescindibles para contribuír ao cambio social para non perpetuar os mecanismos de selección educativos e profesionais baseados no xénero.
13. Visibilizar as achegas das mulleres nos distintos campos do saber, para que os referentes non sigan a ser os valores predominantemente masculinos que dan continuidade a roles diferenciados en función do seu xénero.
14. Iniciar unha toma de conciencia e reflexión sobre a situación da desigualdade, desencadeante de situacións de discriminación, marxinalidade e violencia.
15. Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.
16. Reflexionar sobre a interdependencia entre os distintos xéneros e as relacións de afectividade e sexualidade.
17. Abordar a convivencia e o desenvolvemento da sexualidade, a expresión e xestión da emocionalidade e dos afectos.
18. Adquirir un coñecemento da propia identidade e unha imaxe das demais persoas libre de estereotipos.
19. Aceptarse e expresarse axeitadamente e con respecto nos afectos e nas súas relacións persoais e co outro sexo.
20. Coñecer que as mulleres foron e seguen a ser discriminadas nos ámbitos público e privado.
21. Ser consciente da invisibilidade da muller no transcurso da historia.
22. Describir e poñer de relevo como as violencias machistas son consecuencia das múltiples discriminacións por cuestión de xénero.

23. Participar activamente nas tarefas e nos debates propostos, favorecendo o intercambio de ideas que conduzan a valorar positivamente a contribución persoal na construción dunha sociedade máis xusta.

24. Promover unha visión do mundo e das relacións entre xéneros, libre de prexuízos e estereotipos, construíndo unha sociedade igualitaria entre mulleres e homes.

III. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de Igualdade relaciónase directamente coa competencia social e cívica, que esixe facer fronte a un desafío como é a igualdade entre os sexos e a non discriminación.

Contribúe a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, favorece o desenvolvemento de habilidades que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das decisións adoptadas e das consecuencias derivadas destas. Tamén contribúe a mellorar as relacións interpersoais xa que traballa as habilidades encamiñadas a lograr a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións.

Contribúe ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, fomentando o estímulo das habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, a síntese das ideas propias e alleas, a confrontación ordenada e crítica do coñecemento, a información e a opinión.

Desenvolve a competencia clave de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, porque se traballan iniciativas de planificación, toma de decisións, participación e asunción de responsabilidades. Aténdese especialmente á argumentación, á construción dun pensamento propio, ao estudo de casos que supoñan unha toma de postura sobre o problema e as posibles solucións.

O uso sistemático do debate contribúe á competencia lingüística, porque esixe exercitarse na escoita, na exposición e na argumentación. Por outra banda, a comunicación de sentimentos, ideas e opinións, imprescindibles para lograr os obxectivos da materia, ao empregar tanto a linguaxe verbal como a escrita, a valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas en fontes diversas e, particularmente, na publicidade e nos medios de comunicación tamén axudan á adquisición da competencia. Finalmente, o coñecemento e o uso de termos e conceptos propios da análise do social fan posible a ampliación do vocabulario.

A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a competencia tratamento da información e competencia dixital.

Tamén mellora a competencia da conciencia e expresións culturais, o desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural, esixe ser quen de apreciar o feito cultural nas súas diversas manifestacións.

Finalmente, ser conscientes da importancia do uso responsable dos recursos naturais, da necesidade de preservar o ambiente, potenciar o consumo responsable e unha forma de vida saudable, son contidos con que desde a materia é posible contribuír tamén ao desenvolvemento da competencia matemática, científica e tecnolóxica.

IV. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS E AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Os contidos da área de Igualdade de Xénero agrúpanse en catro bloques e ligados a eles propóñense os obxectivos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliabile que forman parte dos perfís competenciais.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía, priorizar os seus valores e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

a) Temporalización

No cadro márcase a temporalización dos estándares. Tense en conta que pola característica dos contidos e estándares non se pode marcar unha temporalización inflexible. Ao longo do curso traballaranse calquera deles, os valores de igualdade non poden verse como compartimentos estancos.

b) Grao mínimo de consecución para superar a materia

Ao rematar o curso, o alumnado debe demostrar ter acadado, ao menos, todos aqueles estándares que identificamos como mínimos nos cadros de avaliación, aparecen subliñados e en verde, para lograr unha nota final igual a 5 (Aprobado). Asimesmo, se o alumnado demostra ter acadado algún, ou todos os restantes estándares de aprendizaxe non marcados como mínimos nos devanditos cadros a súa cualificación incrementarase gradualmente ata poder alcanzar unha nota final de 10.

c) Procedementos e instrumentos de avaliación.

Procedementos de avaliación:

Tendo en conta o principio de atención á diversidade do alumnado (en capacidade, intereses, motivación etc.), na avaliación usaranse unha pluralidade de métodos e de instrumentos. Entre estes instrumentos podemos citar os seguintes:

1. A observación sistemática da vida da aula, valorando o grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, os intercambios e intervencións orais, as exposicións de informacións específicas etc.
2. O caderno de aula: nel aparecen reflectidas actividades diversas, como comentarios de textos, vocabulario, sínteses etc.
3. Traballos monográficos, elaborados a nivel individual ou grupal, así como lecturas de libros relacionados coa materia. O manexo de fontes de información diversas valoraranse especialmente.
4. A autoavaliación razoada, encamiñada a autorregular a propia aprendizaxe con responsabilidade e autonomía. A autoavaliación, ademais de fomentar a autoestima do alumnado, pode achegar unha valiosa información sobre as expectativas de éxito ou fracaso. Compromete ademais, democraticamente, ao alumnado na valoración da propia aprendizaxe e na toma de decisións
5. Test aos que hai que darlle sempre un sentido educativo. Estes poden tamén someterse á autocorrección do propio alumnado. Tomando consciencia dos acertos e aprendendo dos erros cometidos, poderán mellorar o proceso de aprendizaxe.

En conclusión, a forma de avaliar esixe establecer na aula un clima de comunicación fluída entre profesorado e alumnado.

Igualdade de xénero. 2º de ESO

Ata 18/11

Bloque 1. A construción social das identidades sexuais e de xénero

a c d g l m	B1.1. Sociedade e xénero. Diferenza entre sexo e xénero. B1.2. Igualdade formal e igualdade real. B1.3.Feminismo e machismo. B1.4. Sexismo, roles de xénero e estereotipos.	B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real.	IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollos entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...). 70%	CCEC CSC
			IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollos das mulleres e dos homes. 70%	CCEC CSC
			<u>IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.</u> 100%	CCEC CSC
a c d g l m o	B1.5. O proceso de socialización. Interiorización dos roles de xénero. B1.6. A construción das identidades sexuais e de xénero na adolescencia. Consecuencias no proxecto vital.	B1.2.Comprender o proceso de socialización na construción das identidades de xénero.	IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida. 80%	CAA CCEC CSC
a c d g h l m o	B1.7. Estereotipos de masculinidade, feminidade, maternidade e paternidade. Diversidade de modelos familiares. B1.8. Os axentes de socialización na transmisión de estereotipos e prexuízos sexistas.	B1.3. Analizar tipos de familias do contorno máis próximo, rexeitar situacións de discriminación e desigualdade e identificar a influencia dos diversos axentes de socialización (TV, prensa, noticias en internet...).	IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e <u>recoñece estereotipos na sociedade poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...).</u> 100%	CAA CCEC CSC

			IGUB1.3.2. <u>Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos</u> (textuais, gráficos e audiovisuais) <u>cooperando con actitudes igualitarias.100%</u>	CCL CD CAA CSIEE CCEC CSC
Ata 3/02		Bloque 2. Relacións de xénero e afectividade		
A C D G H L M	B.2.1. As relacións entre sexos: expresión das emocións e dos afectos.	B2.1. Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto.	IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas. 50%	CCL CAA CSC
	B.2.2. Atracción, mitos e modelos de amor.		IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas. 50%	CCL CAA CSC
	B.2.3. As relacións de parella e relacións de poder.		IGUB2.1.3. <u>Identifica modelos de relación tradicionais de parella</u> a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas. 100%	CAA CSC
	B.2.4. Outras alternativas: novas masculinidades e feminidades. Deconstrución de roles.		IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade. 70%	CAA CSC

A B C D G H L M	<p>B2.5. A construción social da sexualidade dende a perspectiva de xénero.</p> <p>B2.6. As relacións afectivas e sexuais: o papel do home e da muller na sexualidade dominante.</p> <p>B2.7. Orientacións e identidades na sexualidade: construción social dende estereotipos de xénero.</p>	<p>B2.2. Recoñecer a sexualidade e a súa construción como un proceso persoal e vital e rexeitar condicionamentos non igualitarios na súa expresión e desenvolvemento respecto do modelo dominante.</p>	<p>IGUB2.2.1. <u>Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade</u> a partir de exemplos reais ou simulados axeitados para a súa etapa evolutiva, <u>recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades</u>. 100%</p>	CCL CAA CSC
			<p>IGUB2.2.2. Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou vídeos propostos. 70%</p>	CD CSC
A B C D E G H L M O	<p>B2.8. O trato igualitario nas relacións afectivas e sexuais.</p> <p>B2.9. Respecto e comprensión nas relacións afectivas entre os sexos.</p> <p>B2.10. Estratexias de análise e resolución de conflitos.</p> <p>B2.11. Novas maneiras de relacionarse: oportunidades e riscos para a igualdade no mundo dixital.</p>	<p>B2.3. Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal.</p>	<p>IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates. 70%</p>	CSIEE CSC
			<p>IGUB2.3.2. <u>Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo</u>. 100%</p>	CSIEE CSC
			<p>IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns e <u>utilízaas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais</u>. 100%</p>	CCL CD CSC

			IGUB2.3.4. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario. 80%	CCL CD CAA CSIEE CSC
Ata 7/04		Bloque 3. Da discriminación á igualdade de oportunidades		
A C D E G L M	B3.1. Dereitos humanos e igualdade. A evolución e a conquista dos dereitos. B3.2. O principio de igualdade e non discriminación.	B3.1. Coñecer os dereitos humanos fundamentais.	IGUB3.1.1. Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade. 80%	CAA CSC
		B3.2. Extraer conclusións sobre a diferente participación de homes e mulleres nos distintos ámbitos sociais.	IGUB3.2.1. <u>Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos</u> a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública... 100%	CAA CSC
A B C D E G H L M O		B3.3. Identificar a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado, recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias cara ás mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da autonomía persoal.	IGUB3.3.1. <u>Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero</u> a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilidade no ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos	CD CAA CSC

			tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza... 100%	
			IGUB3.3.2. Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal. 75%	
			IGUB3.3.3. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. 80%	
A B C D E G H L M O	B3.4. Visibilidade das mulleres nos distintos eidos (historia, cultura, ciencia...) e recoñecemento da súa contribución en diversas esferas sociais.	B3.4. Coñecer e valorar o papel das mulleres ao longo da historia e no tempo contemporáneo, así como o proceso de ocultación sufrida.	IGUB3.4.1. <u>Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer... 100%</u>	CCL CD CAA
A C D E G H L M O	B3.5. A linguaxe inclusiva dende a perspectiva de xénero. Criterios de uso.	B3.5. Coñecer e aplicar os mecanismos de uso da linguaxe inclusiva.	IGUB3.5.1. <u>Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva. 100%</u>	CCL CAA CSC
			IGUB3.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.	CCL

			90%	
A C D E G L M	B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...).	B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.	IGUB3.6.1. <u>Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno</u> <u>situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos.</u> 100%	CAA CSC
			IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. 95%	CCL CSIEE CSC
Ata 16/06				
Bloque 4. Cara a unha sociedade sen violencia machista				
A C D E L M	B4.1. A violencia machista como consecuencia da desigualdade. A escalada da violencia machista: dende o micromachismo á agresión.	B4.1. Comprender que as distintas desigualdades derivan en discriminacións e violencias.	IGUB4.1.1. <u>Identifica e xerarquiza feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relacións coa violencia machista.</u> 100%	CCL CAA CSC
	B4.2. Identificación e recoñecemento de distintos tipos de violencia machista. As consecuencias nas persoas que a sofren.	B4.2. Identificar, recoñecer e analizar as consecuencias dos distintos tipos de violencia machista.	IGUB4.2.1. Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaos (violencia psicolóxica, física...). 95%	CCL CAA CSC
			IGUB4.2.2. <u>Recoñece o ciclo da violencia</u> a partir de situacións de agresións propostas. 100%	CCL CSC
A B C D E	B4.3. Sinais de alerta na mocidade. Detección e prevención de	B4.3. Identificar os diversos sinais de alerta para detectar e prever a violencia machista nas	IGUB4.3.1. <u>Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia machista.</u>	CCL CD CSIEE CSC

G H L M O	condutas violentas en relación co xénero. B4.4. Rexeitamento das condutas violentas por razón de xénero.	relacións interpersoais propias e/ou do seu contorno.	identificaos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas. 100%	
			IGUB4.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. 100%	CCL CD CAA CSIEE CSC
A B C D E G L M	B4.5. A trata de persoas e a escravitude sexual como forma de violencia contra as mulleres.	B4.4. Buscar exemplos da trata de mulleres e nenas en distintos medios audiovisuais e escritos.	IGUB4.4.1. Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación. 95%	CCL CD CAA CSIEE CSC
A B C D E G H L M N O	B4.6. Solucións para saír da espiral da violencia.	B4.5. Demostrar solidariedade con todas as vítimas da violencia machista.	IGUB4.5.1. <u>Realiza un produto</u> (cartel, folleto, presentación, artigo xornalístico, blog...) <u>que expoña de xeito sinxelo e positivo mensaxes e propostas de solución para afrontar as situacións de violencia machista.</u> 100%	CCL CD CAA CSIEE CSC
			IGUB4.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas. 90%	CCL

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións ao problema da desigualdade cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá a acción docente nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencias e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como o ensino recíproco, a discusión guiada con técnicas de visualización, de role play.

Fundamentalmente será unha metodoloxía activa e interactiva. Primarán aqueles procedementos que faciliten o diálogo entre iguais e que procuren a detección, crítica e rexeitamento de estereotipos e prexuízos sexistas, valorando positivamente os cambios sociais e/ou persoais que favorezan a igualdade entre as persoas. Procurarase que os alumnos e alumnas sexan protagonistas da construción da súa aprendizaxe e experimenten e desenvolvan a súa autonomía cognitiva, afectiva e moral. Utilizaranse técnicas metodolóxicas lúdicas para producir unha aprendizaxe vivencial, tanto de forma colectiva como individual. Fomentarase o traballo en equipo, utilizando técnicas de aprendizaxe cooperativo e todas aquelas formas de organizar a aprendizaxe que fomenten actitudes como a cooperación e a solidariedade.

VI. RECURSOS DIDÁCTICOS.

A continuación menciónanse os instrumentos que teñen unha especial relevancia nesta proposta metodolóxica:

1. O uso de secuencias cinematográficas como textos culturais

O cine ofrece unha oportunidade case única para a análise das formas de representación do mundo social no que vivimos. Optamos por un uso do cine, non meramente instrumental, senón tamén crítico e conformador das nosas representacións. O cine debe producir espazos e tempos escolares onde se xere a reflexión e a polémica.

O obxectivo central das actividades con secuencias cinematográficas é darlle ao alumnado a posibilidade de reflexionar sobre as súas ideas acerca de si mesmo e do mundo en que vive, de xeito que a secuencia sirva para que nos situemos no tema e poida producir marcos valorativos.

A natureza das actividades esixe que se deixe sentir a voz do alumnado, creando unha comunidade de diálogo que estimule a capacidade de elaborar respostas ante os conflitos sociais que producen desigualdade..

2. A análise dos textos publicitarios

A publicidade é unha forma de ordenar signos visuais e códigos lingüísticos co obxecto de apoiar a venda dun produto. Combinando recursos formais e de contido dun xeito creativo, prodúcese unha nova canle de comunicación cunhas características propias. . A combinación e a estrutura formal da linguaxe publicitaria posibilita unha mensaxe que transmite non só o mundo real, senón un universo de simbolizacións que conforman e estruturan a mesma realidade do suxeito, que interesa pola transmisión de “contravalores” con frecuencia sexistas.

3. O uso do cómic como texto alternativo

O «cómic» (banda deseñada, tira debuxada, narración gráfica...) é unha das novas forma de comunicación de masas. Utiliza a prensa diaria, os cadernos de historietas, os libros..., formas de difusión, todas elas, que permiten a multiplicación numerosa do orixinal e, polo tanto, a facilidade na posta a disposición do público.

Como calquera outro medio de comunicación non está illado do conxunto da cultura nin das demais formas artísticas. As relacións entre cómic e literatura, pintura ou cine, son moi importantes. Como todas estas manifestacións culturais, achega unha vantaxe para a comunicación: unha linguaxe fácil e común para todas as persoas. A diferenza doutras artes máis elitistas, ten implicacións sociais moi fortes, é un vehículo de transmisión de significados, pero tamén de valores, normas e visións do mundo., para que o alumnado aprenda a maneira correcta de ollar unha viñeta, e reflexionar sobre os contidos implícitos que se agachan nela.

4. O uso da prensa como texto alternativo. O obxectivo é a análise e reflexión de noticias relacionadas cos contidos propostos nesta programación.

5. O uso de letras de cancións tanto sexistas como reivindicativas da igualdade para concienciar ao alumnado e fomentar unha visión crítica do ámbito lúdico.

6. O uso da lectura coeducativa. O obxectivo é analizar o uso da linguaxe nos contextos educativos, desde unha perspectiva de xénero, propoñendo estratexias para a súa mellora.

VII. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Nunha materia como esta, a avaliación adquire un compromiso fundamental, o de manter uns valores nos que se pretende educar. Dende o noso enfoque educativo, entendemos que a avaliación non é simplemente unha acción técnica enfocada a medir os resultados. É máis ben, e sobre todo, unha acción práctica que ten implicacións éticas, porque supón un compromiso con determinados valores que se realizan no propio proceso educativo.

A avaliación continua ten que entenderse como diagnóstico permanente de progresos e de dificultades durante o proceso, como seguimento do traballo diario, tratando de (re)axustar a axuda pedagóxica ás diversas necesidades do alumnado. A avaliación ten que referirse aos hábitos, procedementos e valores que se propoñen ao alumnado. O obxectivo xeral da materia é conseguir a competencia social e cívica, isto é, a capacidade de vivir en sociedade, de interaccionar cos demais membros da sociedade en igualdade. Esa participación debe comezar polos contextos máis próximos: o propio proceso de aprendizaxe, a vida familiar, a vida na aula, no centro...

Para facer unha avaliación deberemos transmitir con ela os valores que se defenden na aprendizaxe da materia. Se queremos transmitir os valores de responsabilidade e autonomía, non podemos excluír o propio alumno ou alumna do proceso de avaliación. Unha avaliación democrática dálles voz aos participantes, aos protagonistas do proceso de aprendizaxe. Por iso cómpre acordar co alumnado os propios criterios e formas de avaliación.

A avaliación terá en conta os seguintes aspectos e criterios:

1. Recoller e analizar información sobre os procesos de formación e evolución dos valores da igualdade, tanto no plano social e histórico como no psicolóxico e persoal. Con este criterio preténdese que o alumnado adquiera o xuízo crítico necesario para ser partícipe dos valores e normas morais vixentes na nosa sociedade.

2. Participar con madurez en debates e discusións de conflitos, utilizando a argumentación e excluindo comportamentos violentos, compulsivos ou con faltas de respecto aos demais suxeitos do debate. Con este criterio preténdese avaliar o seu progreso na adquisición das habilidades de expresión dos propios valores, pensamentos, sentimentos e accións, clave na xestión das relacións interpersoais. Ademais desenvolverase tamén a adquisición dunha conciencia crítica e autónoma, así como sentimentos de empatía e tolerancia.

3. Ler e analizar textos en calquera formato. Con este criterio avaliarase os progresos nas capacidades lingüísticas do alumnado, ás súas habilidades para identificar, valorar e incorporar os propios pensamentos e valores á lectura dun texto.

4. Analizar datos e documentación de diferente tipo (informes, vídeos, prensa...) que conteñan información relevante sobre os problemas da desigualdade aos que se enfronta a nosa sociedade. Con este criterio preténdese avaliar os coñecementos sobre a sociedade actual nas súas distintas facetas, así como o desenvolvemento da súa predisposición á cooperación na construción dunha sociedade xusta e solidaria.

5. As actitudes que mostre no transcurso da actividade da clase e que poidan ser coherentes ou non co que manifeste oralmente ou por escrito.

Os criterios de cualificación específicos da materia teñen como base os seguintes instrumentos de avaliación:

- Control da asistencia a clase.
- Participación activa en clase.
- Realización das tarefas propostas para clase ou para casa.
- Participación nas actividades organizadas e realización das tarefas correspondentes con anterioridade e posterioridade á actividade.

- Presentación dos traballos a realizar, ben sexa de forma individual ou en equipo. Estes traballos poderán ser de distinto tipo: en soporte papel, en soporte digital (blog, PowerPoint), murales, dramatizacións, presentacións orais, en vídeo, etc.
- Seguimento do caderno de traballo.
- A autoavaliación e reflexión sobre o aprendido que recollerá o alumnado no seu caderno ao final de cada trimestre.
- Actitude positiva e comportamento de respecto cara aos demais, comprobados e demostrados ao longo do curso.

A distribución da porcentaxe da nota final será:

- Procedementos (exercicios, traballos, exposicións orais): 50%
- Actitudes (participación, interese, asistencia a clase, presentación das tarefas): 50%

VIII. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR SEGUNDO OS SEUS RESULTADOS.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que se van adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada unha das persoas.

- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar a maneira en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co profesorado titor.

IX. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.

Os materiais que presentaremos, pola súa propia natureza e metodoloxía, son susceptibles de ter un tratamento diversificado. As actividades que se propoñen teñen alternativas na imaxe ou nos textos e poden (e deben) relacionarse con situación concretas do alumnado. Como queira que o punto de partida é sempre a situación concreta e vivencial do alumno ou alumna, será este o que marque o punto de partida e o enfoque de cada unidade.

X. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

O tratamento da imaxe no texto constituirá o material de reflexión nas temáticas transversais: problemática de xénero e educación para a paz e a convivencia:

- Imaxes de conflitos familiares.
- Imaxes que representan diferentes tipos de códigos: viarios, relixiosos...
- Imaxes que representan diferentes condutas contrarias á convivencia.
- A análise dos medios de comunicación de masas, fundamentalmente cine, videoxogos, prensa e internet, usarase para poñer énfase na variedade de problemas morais e na pluralidade da nosa sociedade, ao tempo que se fomenta a tolerancia, o respecto pola diversidade e os valores de equidade e xustiza social.

XI. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades que se poden realizar neste curso non están fixadas, polo que sempre que se coñezan propostas interesantes que afiancen o traballado na aula, intentaremos realizalas: obradoiros promovidos por asociacións que velan pola igualdade, asistencia a obras de teatro ou cinematográficas nas que se resalten os valores que se inculcan na aula.

Levárase a clase tamén a calquera persoa que mediante charla ou conferencia achegue ao alumnado a problemática da desigualdade e discriminación de xénero.

Elaboración de materiais curriculares e dun “protocolo” onde se reflectan as normas que protexen e amparan os dereitos individuais, con independencia da idade, inclinación sexual, etc.

Lecturas dramatizadas, teatralizacións nas que se reflecta calquera situación, problemática que pertenza ao ámbito curricular da materia.

Alusións específicas nos días sinalados, o 25 de Novembro, o 8 de Marzo e algúns outros.

Tentaremos traballar con aqueles obradoiros que o soliciten, dos Concellos, a modo de talleres de traballo con diversas temáticas de reflexión sobre a igualdade.

Con respecto ás actividades complementarias que se poden propoñer ao alumnado, convén reflexionar sobre estas cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Cal foi o resultado da realización das actividades?
- Cales delas gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

XII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Esta programación será obxecto de avaliación en si mesma. Os obxectivos desta avaliación son comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como propoñer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso. Por outra banda, contempla o suficiente grao de flexibilidade co que deben contar as programacións de cara a realizar as adaptacións pertinentes nos casos concretos de alumnado que así o requira. Flexibilidade que permita a modificación da programación no momento que se detecte a necesidade de axustarse á realidade da aula e do grupo.

A Programación será revisada ao longo do curso. Valorarase o cumprimento do programado, indicando calquera modificación que consideremos necesaria. Realizarase nas reunións mensuais do Departamento (calquera incidencia, modificación será recollida no libro de actas); ao rematar cada avaliación analizaremos todos os aspectos sinalados nesta programación (a través do uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte), así como os resultados das avaliacións.

Ao final de curso na Memoria elaborada polo Departamento avaliarase o seguimento de dito documento (obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación, estándares de aprendizaxe...) a fin de valorar posibles modificacións a incluír na Programación do seguinte curso.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Os indicadores de logro servirán para comprobar o funcionamento da programación e a práctica docente. Deseñarase un procedemento para recoller os datos valorativos e propoñer as medidas de mellora que fosen necesarias. A finalidade desta análise é a mellora continua da práctica docente e da Programación.

Os indicadores de logro son preguntas que servirán para reflexionar sobre a nosa actuación co alumnado, e sobre os aspectos recollidos na Programación:

Materiais empregados: accesibles, atractivos, suficientes.

Adecuación da planificación: número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, obxectivos ben definidos, se se basean dos seus intereses...

Consecución da motivación no alumnado, se despertamos a súa curiosidade, se ofrecimos axuda para que progresen, para que participen activamente na súa totalidade e chegaron o seu pleno desenvolvemento...

Tívoise en conta a participación das familias, as medidas de atención á diversidade foron as necesarias, uso das TIC, dar novos enfoques ás unidades, inclusión de temas transversais, actividades interdisciplinares...

Á hora de sistematizar este apartado establécense unha serie de ámbitos (Diversidade, Programación e Avaliación) cos seus indicadores e cuestionarios para levalo á práctica.

Diversidade:

Esíxense diferentes resultados segundo as características (individualidades ou peculiaridades) do alumnado? Danse explicacións xerais/ individualizada se se precisa?

Tense en conta a diversidade no momento de programar?

Adátase a Programación ás características e necesidades do alumnado?

Nas actividades e nos exames realízanse exercicios máis sinxelos ou complicados?

Segundo os diferentes perfís organízanse axudas entre iguais no grupo?

Fortalécense os grupos interactivos e a interactividade?

Tense en conta a diversidade no momento de organizar a clase, división en grupos? Os temas tratados son do seu interese?

Como coñecemos as características da clase?

Proba avaliación inicial.

Lectura de informes de anos anteriores.

A xefatura de estudos e Orientación aportan a información que se precisa. Na reunión inicial

obtense a maior parte da información.

Ao final da avaliación percatámonos da súa diversidade.

Respéctase o ritmo de cada un?

Pártese da motivación individual?

Como se atende o alumnado que mostra dificultades:

Na mesma aula?

Fóra cun especialista? Aplicando un ritmo diferente?

PROGRAMACIÓN.

Faise pensando nas competencias?

Tense en conta o libro de texto na súa elaboración?

As ferramentas de avaliación para medir as competencias son claras?

Dáse a coñecer ao alumnado: obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, metodoloxía, criterios de cualificación...?

Consúltase ao longo do curso? Coincide co que se traballa na aula?

Introdúcense, durante o curso escolar, temas ou proxectos propostos polo alumnado?

O profesorado que imparte clase no mesmo nivel mantén unha distribución coherente de contidos?

O profesorado da mesma materia, impartindo no mesmo nivel, coordínase para traballar os mesmos contidos, competencias e criterios, utilizando iguais estándares?

En caso que veña unha persoa substituta, encontrará unha información clara e suficiente?

AVALIACIÓN

Ao inicio de cada unidade coñecen os obxectivos didácticos, as competencias a desenvolver, criterios de avaliación e estándares principais.

Utilízanse diferentes probas (exames, traballos individuais e/ou colectivos, exposicións orais...)?

Utilízanse diversos instrumentos de rexistro (notas no caderno do profesorado: actividades ben ou mal feitas, competencias clave...)?

Como medir resultados: Nota final e progresión

O sistema de avaliación coincide na mesma área?

Actividades na aula

21.3. VALORES ÉTICOS, 4º ESO

I. INTRODUCCIÓN

A materia de Valores Éticos de 4º ESO será cursada este ano por un total de 10 alumnos.

II. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa nun contexto social e cultural determinado.

É unha competencia complexa que inclúe tanto aspectos propiamente lingüísticos como sociais, culturais e prácticos.

O seu desenvolvemento artéllase arredor de cinco compoñentes relacionados cos seus ámbitos de aplicación ou dimensións:

- O compoñente lingüístico céntrase, principalmente, nas dimensións léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica.
- O compoñente pragmático-discursivo contempla as dimensións relacionadas coa aplicación da linguaxe e os discursos en contextos comunicativos concretos.
- O compoñente sociocultural inclúe as dimensións centradas no coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico céntrase no desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación.
- O compoñente persoal potencia a actitude, a motivación e os trazos da personalidade a través da interacción comunicativa.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

a) A competencia matemática.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A competencia matemática supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A aplicación das ferramentas e coñecementos matemáticos a distintos contextos persoais, sociais, profesionais ou científicos.
- A realización de xuízos fundados e de cadeas argumentais na realización de cálculos.
- A análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións alxébricas.

Estes coñecementos e destrezas artéllanse en catro áreas interrelacionadas entre si e relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística:

- A cantidade céntrase na cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo.
- O espazo e a forma inclúen fenómenos da nosa redonda visual e física como propiedades e posicións de obxectos ou decodificación de información visual.
- O cambio e as relacións céntrase nas relacións entre os obxectos e as circunstancias nas que ditos obxectos se interrelacionan.
- A incerteza e os datos son un elemento central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas.

b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico favorecendo:

- A interacción responsable co medio natural a través de accións que favorezan a conservación do medio natural.
- O desenvolvemento do pensamento científico coa aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e

tecnoloxía son:

- Sistemas físicos, que están asociados ao comportamento das substancias no ámbito fisicoquímico.
- Sistemas biolóxicos propios dos seres vivos dotados dunha complexidade orgánica que é preciso coñecer para preservalos e evitar o seu deterioro.
- Sistemas da Terra e do Espazo desde a perspectiva xeolóxica e cosmogónica, centrada na orixe do Universo e da Terra.
- Sistemas tecnolóxicos derivados, basicamente, da aplicación dos saberes científicos aos usos cotiáns de instrumentos, máquinas e ferramentas.

COMPETENCIA DIXITAL

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para favorecer o seu uso na redonda laboral, potenciar a aprendizaxe, xestionar o tempo libre e contribuír á participación na sociedade.

Para alcanzar estes fins, o desenvolvemento da competencia artéllase arredor dos seguintes ámbitos:

- A información, particularmente a xestión da información, o coñecemento dos soportes a través dos cales se difunde e o uso de motores de procura.
- A comunicación, desenvolvendo o coñecemento dos medios de comunicación dixital e a utilización de paquetes de software de comunicación
- A creación de contido, centrándose no uso de diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) e programas/aplicacións para crear contidos.
- A seguridade, que implica coñecer os riscos asociados ao uso das tecnoloxías ou de recursos online e as estratexias ou actitudes adecuadas para evitalos
- A resolución de problemas, centrada no uso de dispositivos dixitais para resolver problemas e a identificación de fontes para buscar axuda teórica ou práctica.

APRENDER A APRENDER

A competencia aprender a aprender caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. É unha competencia fundamental para facilitar a aprendizaxe ao longo da vida e artículase arredor de:

- A capacidade para motivarse a aprender, que depende da curiosidade e da conciencia da necesidade de aprender do alumnado.
- A organización e xestión da aprendizaxe, que require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe na realización das tarefas de aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, a organización e xestión da aprendizaxe desenvólvese a través de dous aspectos clave da competencia para aprender a aprender:

- A comprensión de procesos mentais implicados na aprendizaxe: que se sabe ou descoñece e o coñecemento de disciplinas e estratexias para realizar unha tarefa.
- A adquisición de destrezas de autorregulación e control fundamentados no desenvolvemento de estratexias de planificación, revisión e avaliación.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

a) A competencia social

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo en relación á saúde, tanto física como mental, e ao estilo de vida saudable que a favorece.

